



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de MAIO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trinta de maio de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(372).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 23 de maio de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(373).- NOMEAMENTO DE SUPLENTES DO COMITÉ DE EXPERTOS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”. EXPTE. 2196/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/05/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017, no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRJSP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar, o 28 de febreiro e o 21 de marzo de 2025, respectivamente, os expedientes de contratación, autorizar o gasto e a apertura dos procedementos de licitación para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2196-441) e da asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2225-441) respectivamente.

Segundo.- Con data do 23 de maio de 2025 emítese informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais no que xustifican a necesidade de nomear suplentes para os membros dos comités de expertos designados nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen os devanditos procedementos por mor de *"baixas laborais e permisos de longa duración"* coa finalidade de *"non demorar os procedementos de valoración de ofertas, xa que tanto a coordinación de seguridade e saúde como a asistencia técnica á dirección de obra municipal son necesarias para iniciar as obras do proxecto de "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS"*.

Tendo en conta o anterior, no devandito informe solicítase o nomeamento dos seguintes suplentes:

- *"A enxeñeira industrial Dña. Begoña Arranz González como suplente da enxeñeira técnica industrial Dña. Susana González Ramírez , no comité de expertos do expediente 2196-441"*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

- *A técnica de administración xeral Dña. M^a Carmen Pazos Area como suplente do xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais D. Francisco J. González Yebrapimentel, no comité de expertos dos expedientes 2196-441 e 2225-441."*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2196-441) (PCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2225-441) (PCAP).

-II-

Do comité de expertos

A regulación do comité de expertos recóllese no artigo 146.2.a da LCSP e nos artigos 28, 29 e 30 do RD 817/2009, que serán de aplicación no que non se opoñan á LCSP.

O artigo 146.2.a) da LCSP prevé a intervención do Comité de expertos ou dun órgano técnico especializado para a valoración dos criterios avaliábles mediante xuízo de valor nos procedementos de adxudicación, aberto ou restrinxido, sempre que estes teñan atribuída unha ponderación maior que a correspondente aos criterios avaliábles de forma automática.

O comité de expertos, tal e como indica a doutrina tanto xurisprudencial como consultiva e dos órganos administrativos de resolución de recursos, ten como finalidade garantir a imparcialidade da valoración e, en suma, a igualdade de trato entre os licitadores e a non discriminación de ningún deles.

A regulación do Comité de expertos é parca e limitase a establecer os seguintes requisitos:

- En relación co procedemento de designación:

- a) A designación dos membros do comité de expertos poderá facerse directamente no prego de cláusulas administrativas particulares ou ben establecer nel o procedemento para efectuala (artigo 29 do RD 817/2009). Engade o artigo 63.5 da LCSP *“non permitíndose alusións xenéricas ou indeterminadas ou que se refiran unicamente á Administración, organismo ou entidade á que representen ou na que prestasen os seus servizos”*.
- b) A designación deberá realizarse e publicarse no perfil de contratante con anterioridade á apertura da documentación do sobre B (artigo 29 do RD 817/2009).

- En relación cos seus membros:

- a) Estará formado por un mínimo de tres membros (artigos 146.2.a da LCSP e 28 do RD 817/2009).
- b) Estes serán expertos coa cualificación apropiada (artigo 146.2.a da LCSP). O artigo 28.3 do RD 817/2009 aclara que *“contarán con la cualificación profesional adecuada en razón de la materia sobre la que verse la valoración”*.
- c) Poderán pertencer aos servizos dependentes do órgano de contratación, pero en ningún caso poderán estar adscritos ao órgano propoñente do contrato, ao que corresponderá realizar a avaliación das oferta (artigo 146.2.a da LCSP).
- d) No caso das entidades locais, os membros poderán ser persoal funcionario de carreira ou traballo fixo coa titulación adecuada que non participaron na redacción da documentación técnica do contrato de que se trate. En calquera caso, este persoal deberá incluír un técnico xurista especializado en contratación pública (apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP).
- e) Da doutrina dos órganos consultivos se desprende que non poderán ser membros da Mesa de Contratación (citaremos por todos o Informe 21/2009, de 16 de setembro de 2009, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Comunidad Autónoma de Aragón).

- En relación coa práctica da valoración (artigo 30 do RD 817/2009):



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

1. No prego de cláusulas administrativas particulares deberá identificarse o criterio ou criterios concretos que deba valorar o comité de expertos ou o organismo especializado, o prazo no que deben realizar a avaliación e os límites máximo e mínimo dentro dos que debe cuantificarse.
2. A ponderación asignada aos criterios dependentes de xuízo de valor darase a coñecer na apertura pública do resto da documentación que integra a proposición, salvo que o prego de cláusulas administrativas particulares dispoña outra cousa respecto do acto no que deba facerse público.
3. A valoración dos criterios cuantificables automaticamente realizarase sempre con posterioridade á daqueles cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

Do exame dos presentes procedementos apreciase o cumprimento destes requisitos. A falla do cumprimento dos mesmos determinaría a nulidade do procedemento, tal e como se desprende da resolución 350/2023 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Do nomeamento de suplentes

Nos procedementos que nos ocupan, en cumprimento dos citados requisitos as designacións dos membros dos comités de expertos realizáronse a través dos pregos de cláusulas administrativa particulares, cuxos anexos I -FEC- prevén, nos seus apartados 7C, as seguintes composicións dos devanditos comités:

- Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2196-441):

- " > *Cristina Tapias Bouso, enxeñeira industrial*
- > *Susana González Ramírez, enxeñeira técnica industrial*
- > *Francisco J. González Yebra-Pimentel, técnico de Administración Xeral*"

- Procedemento aberto para a contratación da asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2225-441):

- " > *Cristina Tapias Bouso, enxeñeira industrial*
- > *Begoña Arranz González, enxeñeira industrial*
- > *Francisco J. González Yebra-Pimentel, técnico de Administración Xeral*"

Con data do 23 de maio de 2025 emítese informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais no que xustifican a necesidade de nomear suplentes para os membros dos comités de expertos designados nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen os devanditos procedementos por mor de "*baixas laborais e permisos de longa duración*" coa finalidade de "*non demorar os procedementos de valoración de ofertas, xa que tanto a coordinación de seguridade e saúde como a asistencia técnica á dirección de obra municipal son*

necesarias para iniciar as obras do proxecto de “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”.

Así, no devandito informe solicítase o nomeamento dos seguintes suplentes:

- *“A enxeñeira industrial Dna. Begoña Arranz González como suplente da enxeñeira técnica industrial Dna. Susana González Ramírez , no comité de expertos do expediente 2196-441*
- *A técnica de administración xeral Dna. M^a Carmen Pazos Area como suplente do xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais D. Francisco J. González Yebra-Pimentel, no comité de expertos dos expedientes 2196-441 e 2225-441.”*

No presente caso é necesario nomear suplentes dos membros do Comité de expertos, por canto os membros titulares non poden actuar por mor das citadas circunstancias persoais. Deste modo se garante a continuidade do proceso en aras tanto do interese público, pois é preciso adxudicar o contrato para cubrir unha necesidade pública, como do dos licitadores que se presentaron ao presente procedemento e teñen expectativas de resultar adxudicatarios do contrato. Os suplentes actuarán sempre que sexa necesario se o titular non estea dispoñible e asumirán as súas funcións.

Nin a LCSP nin o RD 817/2009 na regulación citada do comité de expertos prevén o nomeamento de suplentes. O artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público regula a suplencia dos membros dos órganos administrativos determina que *“(…) os titulares dos órganos administrativos poderán ser suplidos temporalmente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, así como, nos casos en que fose declarada a súa abstención ou recusación”*. Os supostos de feito que concorren nos procedementos que nos ocupan poden subsumirse na presente norma. Procede a designación dos suplentes indicados no informe de data 23 de maio de 2025, unha vez comprobado que cumpren os requisitos establecidos no apartado 8 da Disposición Adicional Segunda da LCSP.

O acordo do nomeamento dos suplentes dos devanditos comités deberá ser publicado no perfil do contratante tal e como esixe o artigo 29.3 do RD 817/2009.

-IV-

Competencia

A competencia para o nomeamento de suplentes dos membros do comité de expertos, designados no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento, correspóndelle á Xunta de Goberno local, como órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP).

-V-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

“1º.- Nomear a Begoña Arranz González e a Mª Carmen Pazos Area como como suplentes de Susana González Ramírez e Francisco J. González Yebra-Pimentel, respectivamente, no comité de expertos designado no procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2196-441).

2º.- Nomear a Mª Carmen Pazos Area como suplente de Francisco J. González Yebra-Pimentel no comité de expertos designado no procedemento aberto para a contratación da asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2225-441).

3º.- Publicar este acordo no perfil de contratante”.

4º.- De conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, os interesados poderán promover a recusación dos membros do comité de expertos conforme ás causas contidas no artigo 23 da citada norma mediante escrito dirixido ao órgano de contratación.”

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

3(374).- NOMEAMENTO DE SUPLENTES DO COMITÉ DE EXPERTOS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA E CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”. EXPTE. 2225/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/05/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017, no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRJSP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar, o 28 de febreiro e o 21 de marzo de 2025, respectivamente, os expedientes de contratación, autorizar o gasto e a apertura dos procedementos de licitación para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2196-441) e da asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2225-441) respectivamente.

Segundo.- Con data do 23 de maio de 2025 emítase informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais no que xustifican a necesidade de nomear suplentes para os membros dos comités de expertos designados nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen os devanditos procedementos por mor de *"baixas laborais e permisos de longa duración"* coa finalidade de *"non demorar os procedementos de valoración de ofertas, xa que tanto a coordinación de seguridade e saúde como a asistencia técnica á dirección de obra municipal son necesarias para iniciar as obras do proxecto de "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS"*.

Tendo en conta o anterior, no devandito informe solicítase o nomeamento dos seguintes suplentes:

- *"A enxeñeira industrial Dña. Begoña Arranz González como suplente da enxeñeira técnica industrial Dña. Susana González Ramírez , no comité de expertos do expediente 2196-441"*
- *"A técnica de administración xeral Dña. M^a Carmen Pazos Area como suplente do xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais D. Francisco J. González Yebra-Pimentel, no comité de expertos dos expedientes 2196-441 e 2225-441."*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2196-441) (PCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2225-441) (PCAP).

-II-

Do comité de expertos

A regulación do comité de expertos recóllese no artigo 146.2.a da LCSP e nos artigos 28, 29 e 30 do RD 817/2009, que serán de aplicación no que non se opoñan á LCSP.

O artigo 146.2.a) da LCSP prevé a intervención do Comité de expertos ou dun órgano técnico especializado para a valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor nos procedementos de adxudicación, aberto ou restrinxido, sempre que estes teñan atribuída unha ponderación maior que a correspondente aos criterios avaliábeis de forma automática.

O comité de expertos, tal e como indica a doutrina tanto xurisprudencial como consultiva e dos órganos administrativos de resolución de recursos, ten como finalidade garantir a imparcialidade da valoración e, en suma, a igualdade de trato entre os licitadores e a non discriminación de ningún deles.

A regulación do Comité de expertos é parca e limitase a establecer os seguintes requisitos:

- En relación co procedemento de designación:

- a) A designación dos membros do comité de expertos poderá facerse directamente no prego de cláusulas administrativas particulares ou ben establecer nel o procedemento para efectuala (artigo 29 do RD 817/2009). Engade o artigo 63.5 da LCSP *"non permitíndose alusións xenéricas ou indeterminadas ou que se refiran*

unicamente á Administración, organismo ou entidade á que representen ou na que prestasen os seus servizos”.

- b) A designación deberá realizarse e publicarse no perfil de contratante con anterioridade á apertura da documentación do sobre B (artigo 29 do RD 817/2009).

- En relación cos seus membros:

- a) Estará formado por un mínimo de tres membros (artigos 146.2.a da LCSP e 28 do RD 817/2009).
- b) Estes serán expertos coa cualificación apropiada (artigo 146.2.a da LCSP). O artigo 28.3 do RD 817/2009 aclara que *“contarán con la cualificación profesional adecuada en razón de la materia sobre la que verse la valoración”*.
- c) Poderán pertencer aos servizos dependentes do órgano de contratación, pero en ningún caso poderán estar adscritos ao órgano proponente do contrato, ao que corresponderá realizar a avaliación das oferta (artigo 146.2.a da LCSP).
- d) No caso das entidades locais, os membros poderán ser persoal funcionario de carreira ou traballo fixo coa titulación adecuada que non participaron na redacción da documentación técnica do contrato de que se trate. En calquera caso, este persoal deberá incluír un técnico xurista especializado en contratación pública (apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP).
- e) Da doutrina dos órganos consultivos se desprende que non poderán ser membros da Mesa de Contratación (citaremos por todos o Informe 21/2009, de 16 de setembro de 2009, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Comunidad Autónoma de Aragón).

- En relación coa práctica da valoración (artigo 30 do RD 817/2009):

1. No prego de cláusulas administrativas particulares deberá identificarse o criterio ou criterios concretos que deba valorar o comité de expertos ou o organismo especializado, o prazo no que deben realizar a avaliación e os límites máximo e mínimo dentro dos que debe cuantificarse.
2. A ponderación asignada aos criterios dependentes de xuízo de valor darase a coñecer na apertura pública do resto da documentación que integra a proposición, salvo que o prego de cláusulas administrativas particulares dispoña outra cousa respecto do acto no que deba facerse público.
3. A valoración dos criterios cuantificables automaticamente realizárase sempre con posterioridade á daqueles cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

Do exame dos presentes procedementos apreciase o cumprimento destes requisitos. A falla do cumprimento dos mesmos determinaría a nulidade do procedemento, tal e como se desprende da resolución 350/2023 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

-III-

Do nomeamento de suplentes

Nos procedementos que nos ocupan, en cumprimento dos citados requisitos as designacións dos membros dos comités de expertos realizáronse a través dos pregos de cláusulas administrativa particulares, cuxos anexos I -FEC- prevén, nos seus apartados 7C, as seguintes composicións dos devanditos comités:

- Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2196-441):

- "> Cristina Tapias Bouso, enxeñeira industrial*
- > Susana González Ramírez, enxeñeira técnica industrial*
- > Francisco J. González Yebra-Pimentel, técnico de Administración Xeral"*

- Procedemento aberto para a contratación da asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2225-441):

- "> Cristina Tapias Bouso, enxeñeira industrial*
- > Begoña Arranz González, enxeñeira industrial*
- > Francisco J. González Yebra-Pimentel, técnico de Administración Xeral"*

Con data do 23 de maio de 2025 emítese informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais no que xustifican a necesidade de nomear suplentes para os membros dos comités de expertos designados nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen os devanditos procedementos por mor de *"baixas laborais e permisos de longa duración"* coa finalidade de *"non demorar os procedementos de valoración de ofertas, xa que tanto a coordinación de seguridade e saúde como a asistencia técnica á dirección de obra municipal son necesarias para iniciar as obras do proxecto de "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS"*.

Así, no devandito informe solicítase o nomeamento dos seguintes suplentes:

- "A enxeñeira industrial Dña. Begoña Arranz González como suplente da enxeñeira técnica industrial Dña. Susana González Ramírez , no comité de expertos do expediente 2196-441*
- A técnica de administración xeral Dña. M^a Carmen Pazos Area como suplente do xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais D. Francisco J. González Yebra-Pimentel, no comité de expertos dos expedientes 2196-441 e 2225-441."*

No presente caso é necesario nomear suplentes dos membros do Comité de expertos, por canto os membros titulares non poden actuar por mor das citadas circunstancias persoais. Deste modo se garante a continuidade do proceso en aras tanto do interese público, pois é preciso adxudicar o contrato para cubrir unha necesidade pública, como do dos licitadores que se presentaron ao presente procedemento e teñen expectativas de resultar adxudicatarios do contrato. Os suplentes actuarán sempre que sexa necesario se o titular non estea dispoñible e asumirán as súas funcións.

Nin a LCSP nin o RD 817/2009 na regulación citada do comité de expertos prevén o nomeamento de suplentes. O artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público regula a suplencia dos membros dos órganos administrativos determina

que “(...) os titulares dos órganos administrativos poderán ser suplidos temporalmente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, así como, nos casos en que fose declarada a súa abstención ou recusación”. Os supostos de feito que concorren nos procedementos que nos ocupan poden subsumirse na presente norma. Procede a designación dos suplentes indicados no informe de data 23 de maio de 2025, unha vez comprobado que cumpren os requisitos establecidos no apartado 8 da Disposición Adicional Segunda da LCSP.

O acordo do nomeamento dos suplentes dos devanditos comités deberá ser publicado no perfil do contratante tal e como esixe o artigo 29.3 do RD 817/2009.

-IV-

Competencia

A competencia para o nomeamento de suplentes dos membros do comité de expertos, designados no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento, correspóndelle á Xunta de Goberno local, como órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP).

-V-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Nomear a Begoña Arranz González e a Mª Carmen Pazos Area como como suplentes de Susana González Ramírez e Francisco J. González Yebra-Pimentel, respectivamente, no comité de expertos designado no procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Mellora da piscina municipal de Teis” (2196-441).

2º.- Nomear a Mª Carmen Pazos Area como suplente de Francisco J. González Yebra-Pimentel no comité de expertos designado no procedemento aberto para a contratación da asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de “Mellora da piscina municipal de Teis” (2225-441).

3º.- Publicar este acordo no perfil de contratante”.

4º.- De conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, os interesados poderán promover a recusación dos membros do comité de expertos conforme ás causas contidas no artigo 23 da citada norma mediante escrito dirixido ao órgano de contratación.”

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

4(375).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EDUCATIVO DA REDE DE MUSEOS. 3790/341.

Visto o informe de fiscalización do 22/05/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa educativo da rede de museos (3790-341)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa educativo da rede de museos (3790-341)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de marzo de 2025 a Xunta de Goberno local acordou a apertura do presente procedemento de contratación xunto coa aprobación do correspondente expediente, do prego de prescricións técnicas particulares, do prego de cláusulas administrativas particulares e da autorización do gasto. Este acordo foi rectificado por erro material por acordo da Xunta de Goberno local de data 31 de marzo de 2025.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 5 de maio de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa educativo da rede de museos (3790-341) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 3. Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, os días 6 de maio de 2025, que presenta a documentación requirida o 13 e 20 de maio de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora que inclúe os estatutos e a escritura de ampliación do obxecto social xunto coa escritura de nomeamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (36.894,56 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (36.894,56 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Certificado positivo de débedas da ATRIGA.
- Solicitude de retención no prezo do importe da garantía definitiva requirida (4.355,91 €).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 22 de maio de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 29 de abril de 2025 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 5 de maio de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa educativo da rede de museos (3790-341) por un prezo total do contrato de 105.413,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.294,83 euros e coas seguintes condicións:

- 1. A porcentaxe única a aplicar aos prezos unitarios do apartado 3G do Anexo I (FEC) do PCAP é dun 1,93 %.*
- 2. Incrementa a experiencia do/a coordinador/a con respecto ao mínimo esixido no apartado 5.F) do Anexo I (FEC) do PCAP en 20 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

5(376).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “SUPER COPA DE ESPAÑA CADETE DE JUDO”. EXPTE. 24667/333.

Visto o informe xurídico do 08/04/2025 e o informe de fiscalización do 23/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/04/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director Deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 10.03.25, Mario Muzas Cobo, en n/r da entidade Federación Galega de Judo, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención por importe de 8.000,00€ para a organización na cidade de Vigo da Super Copa de España Cadete de Judo.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 28.000,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- CIF da entidade, DNI do representante legal e estatutos da entidade.
- Certificado de composición da Xunta directiva.
- Documento acreditativo dos dereitos de organización.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso a Super Copa de España Cadete de Judo é unha das competicións máis relevantes a nivel nacional na categoría cadete, tanto masculina como feminina, sendo unha competición do máis alto nivel competitivo.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuindo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- O carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto, así como a propia competencia das Federacións, entre as que se atopa a de organizar este tipo de competicións.

Non é posible atopar eventos comparables na cidade de Vigo na modalidade, e incluso a nivel Galego, dada a súa singularidade e nivel competitivo, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto deportivo nesta modalidade.

A Super Copa de España Cadete de Judo forma parte do circuíto nacional, e ten a cualificación de Súper Copa, que é a máxima posible, estando aberta á participación internacional, como en anteriores edicións, nas que participaron judokas de Portugal, Italia, Suecia, Georgia, Alemaña, Francia, entre outros países.

Dita relevancia deportiva e social queda avalada en primeiro lugar polo volume e calidade dos participantes. Non existe na cidade de Vigo ningunha oferta na modalidade similar, tendo en edicións anteriores a participación de 500 deportistas do máis alto nivel nacional e internacional. Esta cifra é moi relevante, e converte ó evento nun espectáculo deportivo de gran espectacularidade.

A especialización e a excelencia alcanzadas polo evento o colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel óptimo de acollida na cidade.

A entidade organizadora conta coa documentación acreditativa da posesión dos dereitos de organización.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, o que xustifica que se conceda directamente, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós mellores judokas da modalidade na categoría cadete.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión nacional extraordinaria, coa presenza dos e das mellores judokas da categoría do panorama internacional e cunha asistencia de público de gran volume, cuestións que se traducirán nun retorno importantísimo para a cidade de Vigo no plano social, económico e de promoción.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións nacionais, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
- Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
- Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
- Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como "Cidade do Deporte".

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, cuxa concesión canalizarase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 8.000,00 € á entidade Federación Galega de Judo CIF: G15109267 para a realización do evento deportivo "Super Copa de España de Judo" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 8.000,00 € para subvencionar a organización da "Super Copa de España de Judo" a favor da entidade Federación Galega de Judo CIF: G15109267, segundo resulta da documentación do expediente nº 24667-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “SUPER COPA DE ESPAÑA DE JUDO” (EXPTE. 24667/333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Mario Muzas Cobo como presidente da entidade Federación Galega de Judo CIF: G15109267 e enderezo social en Pza. San Agustín, 3, Bajo (15008), en Coruña, e na representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente núm. 24667/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O obxecto deste convenio é fomentar o desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “Super Copa de España de Judo” organizado pola Federación Galega de Judo, que ostenta os dereitos de organización do Evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

A Federación Galega de Judo propón a celebración na cidade de Vigo da “Super Copa de España de Judo”, unha importante competición que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, no centro de atención internacional do Judo.

II.- Que a entidade Federación Galega de Judo organizará, a “Super Copa de España de Judo” na cidade de Vigo, de gran e espectacularidade e cun importante nivel competitivo.

III.- Que esta entidade se atopa en condicións de organizar a presente edición da Super Copa de España de Judo na cidade de Vigo conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, presentados pola entidade organizadora.

IV.- A exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

V.- O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións de deporte de alto nivel na cidade. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores.

V.- Que na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun evento único na modalidade. O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto.

A entidade organizadora conta coa documentación acreditativa da posesión dos dereitos de organización .

VII.- Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

VIII.- Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

IX.- Que o carácter deportivo se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.I e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

X.- Que a Federación Galega de Judo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 24667-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita a celebración da Super Copa de España de Judo o CONCELLO e a Federación Galega de Judo conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Federación Galega de Judo comprométese a organizar a “Super Copa de España de Judo” na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluírán:

1º.- Organizar a Super Copa de España de Judo achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente e asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

2º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

4º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberá figurar o logotipo do Concello de Vigo.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

6º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

7º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

8º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

9º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación da subvención.

10º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Super Copa de España de Judo (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente á Federación Galega de Judo unha subvención por importe de 8.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 do orzamento en vigor e a súa bolsa



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

de vinculación mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento deportivo "Super Copa de España de Judo". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados. O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente facilitada pola entidade Federación Galega de Judo, da que é titular.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade

subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2025 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria Federación Galega de Judo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturacións cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Noveno.- No caso de que a Federación Galega de Judo se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo "Super Copa de España de Judo".

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá

solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo noveno - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

6(377).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE DIVULGACIÓN DOS EQUIPAMENTOS DEPENDENTES DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 10480/307.

Visto o informe xurídico de data 20/05/2025 e o informe de fiscalización do 22/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/05/2025, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e conformaco pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 30 de xuño de 2022, acordou o seguinte:

“Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico (10.480-307) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 151.008,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.208,00 euros.*
- b) Propón 50 horas anuais a maiores do mínimo esixido na cláusula IV do PPT (1.500 horas anuais para O Castro e CIMR e Vila Romana de Toralla e 40 horas anuais para Villa Solita) de apertura dos tres equipamentos, fóra do horario habitual e sen custo para o Concello.*
- c) Comprométese a deseñar, realizar e valorar estudos de público usuario dos equipamentos de acordo co previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato foi asinado con data 23 de xullo de 2022 (segundo corrección de erros asinada en data 30/07/22).

A cláusula 7.3 do prego de cláusulas administrativas recolle o seguinte:

“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”

O apartado 4.C da FEC sinala que están previstas unha prórroga dun ano de duración polo que, con data 08/04/25, comunicouse ao contratista a intención de prorrogar o contrato.

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público recolle o prazo de duración dos contratos e a súa posibilidade de prórroga, que será acordada polo órgano de contratación.

Esta prórroga considérase conveniente xa que os servizos de divulgación son prestados de xeito satisfactorio e de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados.

Durante a prórroga as características do contrato permanecerán inalterables.

LEXISLACIÓN APLICABLE



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, en cumprimento do disposto na Disposición Adicional 3ª da LCSP, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

1.- Aprobar a prórroga dun ano do contrato de servizos de divulgación dos equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico adxudicado a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201) por acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xuño de 2022, polo período comprendido entre o 23/07/2025 e o 22/07/2026.

2.- Autorizar e comprometer o gasto segundo o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

- A) Presuposto total dun ano de prórroga do contrato: 50.336 euros.
- B) IVE a soportar pola Administración: 8.736 euros.
- C) Valor estimado da prórroga do contrato: 41.600 euros.
- D) ANUALIDADES CON IVE:

Anualidade	Datas	Importes	Partida
2025	23/07/2025 31/12/2025	22.091,91 euros	3360.2279900
2026	01/01/2025 22/07/2025	28.244,09 euros	3360.2279900

3.- Notificar o presente acordo á empresa contratista nos termos establecidos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

7(378).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ZONAS DE INTERESA PATRIMONIAL. EXPTE. 11161/307.

Visto o informe xurídico de data 19/05/2025 e o informe de fiscalización do 21/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/05/2025, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e conformaco pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 13 de outubro de 2023, acordou o seguinte:

“Adxudicar a ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307) por un prezo total do contrato de 386.764,82 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.124,47 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato foi asinado con data 13 de novembro de 2023.

A cláusula 7.3 do prego de cláusulas administrativas recolle o seguinte:

“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”

O apartado 4.C da FEC sinala que están previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha polo que, con data 21/04/25, comunicouse ao contratista a intención de prorrogar o contrato.

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público recolle o prazo de duración dos contratos e a súa posibilidade de prórroga, que será acordada polo órgano de contratación.

Esta prórroga considérase conveniente xa que os servizos de mantemento son prestados de xeito satisfactorio e de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados.

Durante a prórroga as características do contrato permanecerán inalterables.

LEXISLACIÓN APLICABLE

–Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

–Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.

–Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, en cumprimento do disposto na Disposición Adicional 3ª da LCSP, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

1.- Aprobar a prórroga dun ano do contrato de servizos de mantemento das zonas de interese patrimonial adxudicado a ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de outubro de 2023, polo período comprendido entre o 14/11/2025 e o 13/11/2026.

2.- Autorizar e comprometer o gasto segundo o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

A) Presuposto total dun ano de prórroga do contrato: 193.382,41 euros.

B) IVE a soportar pola Administración: 33.562,24 euros.

C) Valor estimado da prórroga do contrato: 159.820,17 euros.

D) ANUALIDADES CON IVE:

Anualidade	Datas	Importe	Partida
2025	14/11/2025 31/12/2025	25.247,15 euros	3360.2100001. Mantem. conxunto etnográfico
2026	01/01/2026 13/11/2026	168.135,26 euros	3360.2100001. Mantem. conxunto etnográfico

3.- Notificar o presente acordo á empresa contratista nos termos establecidos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

8(379).- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN PROVISIONAL DA EXECUCIÓN DE SANCIÓN DISCIPLINARIA. EXPTE. 96123/212.

Omítese o contido deste acordo en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

9(380).- PROPOSTA DE RENUNCIA A FORMAR PARTE DO PADROADO DA FUNDACIÓN ESCUELAS NIETO. EXPTE. 1905/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/05/2025, asinado pola secretaria de Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

En data 13/05/2025 a Fundación Escuelas Nieto presenta no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo un escrito (doc. 250111153) no que solicita a colaboración do Concello de Vigo, na representación do alcalde que figura como inspector nato do padroado desta entidade, para actualizar os estatutos. A modificación dos estatutos pretende dar cumprimento á normativa vixente en materia de fundacións sen alterar a esencia do carácter fundacional designado polo seu fundador D. Ramón Nieto Otero.

Modifícase, entre outras, a composición dos membros do padroado, eliminando o carácter de membro nato do Concello de Vigo por facer coincidir a realidade coa realidade documental, sen asistencia dende fai anos, e sen prexuízo das relacións institucionais que se poden e deben manter entre a Fundación e o o Concello, e sen prexuízo de poder ser designado membro do padroado no futuro o alcalde ou alcaldesa do Concello, sen selo con carácter nato.

A fin de dar cumprimento ao rexistro dos referidos estatutos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego requírese o cese por renuncia ao cargo de membro nato do padroado do Alcalde de Vigo.

En data 22.05.2025 emitíuse informe do servizo de Educación no que dispón *“Atendendo ao réxime competencial establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no ámbito educativo recóllense como competencias propias do Municipio:*

“n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial. “

Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2 da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de:

“ñ) A participación na programación da ensinanza e cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.”



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

A Fundación Escuelas Nieto está vinculada ao centro escolar privado concertado CPR Plurilingüe Escuelas Nieto, código 36010356. Os municipios non teñen competencias sobre os centros concertados cuxa titularidade é privada.

O Servizo de Educación non ve inconveniente en que o alcalde renuncie ao cargo de membro nato do padroado xa que, conforme as xustificacións expostas pola Fundación Escuelas Nieto na súa solicitude, a efectos de funcionamento do padroado non resulta práctico que o alcalde sexa membro nato do mesmo e iso con independencia da colaboración que poida establecerse entre ambas as dúas entidades e sen prexuízo de poder formar parte do padroado nun futuro”.

Considerando que o cese como patrón dunha fundación poderá realizarse por renuncia ao abeiro do artigo 24.4.h da Lei 12/2006, de 2 de decembro, de fundacións de interese galego.

Polo exposto, a vista da solicitude e informe emitido polo servizo de Educación esta Alcaldía eleva a Xunta de Goberno Local como órgano competente en virtude do disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do 2 de abril, a adopción do seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO.- Acceder ao solicitado pola Fundación Escuelas Nieto e acordar de forma expresa que o Concello de Vigo non formará parte do Padroado da Fundación Escuelas Nieto coa conseguinte renuncia da Alcaldía ao cargo de Inspector do Padroado conforme o disposto no artigo 24.4.h da Lei 12/2006, de 2 de decembro, de fundacións de interese galego.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo a Fundación Escuelas Nieto.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

10(381).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN TEÓRICO-PRÁCTICA DIRIXIDA AO PERSOAL FUNCIONARIO DE NOVO INGRESO EN PRÁCTICAS E INTERINOS NO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 7304/213.

Visto o informe xurídico de data 20/05/2025 e o informe de fiscalización do 22/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/05/2025, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O contrato obxecto de licitación ter por finalidade a prestación do servizo de formación esixida para o acceso á condición de funcionarios de Bombeiros/as, Condutores/as-bombeiros/as, Cabos e Sarxentos/as, do persoal nomeado funcionarios en prácticas trala superación das correspondentes probas selectivas das fases 1 e 2¹ da Oferta de Emprego Público dos anos 2020, 2021 e 2022 do Concello de Vigo (en adiante OEP 20/21/22): 4 prazas de sarxento, 4 prazas de cabo, 7 prazas de condutor/a-bombeiro/a e 23 prazas de bombeiro/a, das que se executarán na primeira fase da OEP un total de 32² prazas, na segunda fase 2 prazas de sarxento/a quenda libre e 4 cabos (3 quenda libre e 1 promoción interna) así como dun número de persoal interino/a nos postos de Bombeiro/a e Condutor/a Bombeiro/a en número máximo de 20 con cargo ás vacantes xeradas nas OEP 2023 e 2024, pendentes de execución. O número máximo de persoas previsto a formar é de 58, en función da execución das OEP e da existencia de listaxe de aprobados para a contratación do persoal interino.

2.-Con data 17/02/2025 a Concelleira da área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolve que se inicie o expediente necesario en conformidade coa proposta realizada.

2.- Con data 18/02/2025, redáctase a Memoria Económica polo xefe do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, asinada por éste, pola Concelleira da área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e conformado polo Concelleiro da Área de Facenda e Orzamentos.

3.- Con data 12/03/2025 emítese certificado de crédito por parte da Intervención Xeral.

4.- Con data 18/02/2025, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares polo xefe do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento e correxido na data de 14/05/2025.

5.- Con data de 24/04/2025 e correxido na data 14/05/2025, o xefe do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento e a Concelleira da área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal asinan a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato.

6.- Con data 25/04/2025 o Servizo de Contratación emite informe indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.

5.- Con posterioridade redáctase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 14/05/2025.

1 EXPTE. 44949/220

2 Sarxento/a extinción de incendios 2 prazas promoción interna, Bombeiro/a 23 prazas e Condutor/a-Bombeiro/a 7 prazas, ambas por quenda libre.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

6.- O orzamento base de licitación que ascende a 202.234,52 euros € (exento de IVE conforme ao establecido no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido), que podería imputarse á aplicación presupostaria 1360.2279910 "Cursos de Formación Impartidos por empresas" do exercicio 2025 e bolsa de vinculación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 18/06/2019 e de 20/06/2019) aos concelleiros/as-delegados/as de Área.

Segundo.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e consta memoria xustificativa dos termos do contrato: a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato (artigo 112 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Terceiro.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación.

Cuarto.- Consta na memoria a xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente, o informe da Asesoría Xurídica Municipal (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e informe preceptivo de fiscalización previa da proposta por parte da Intervención Xeral Municipal (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se proceda á emisión e conseguinte incorporación ao expediente electrónico os informes preceptivos indicados, e coa conformidade da Concelleira da área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de formación esixida para o acceso á condición de funcionarios de Bombeiros/as, Condutores/as-bomberos/as, Cabos e Sarxentos/as, do persoal nomeado funcionarios en prácticas trala superación das correspondentes probas selectivas das fases 1 e 2¹ da Oferta de Emprego Público dos anos 2020, 2021 e 2022 do Concello de Vigo (en adiante OEP 20/21/22): 4 prazas de sarxento, 4 prazas de cabo, 7 prazas de condutor/a-bombeiro/a e 23 prazas de bombeiro/a, das que se executarán na primeira fase da OEP un total de 32² prazas, na segunda fase 2 prazas de sarxento/a quenda libre e 4 cabos (3 quenda libre e 1 promoción interna) así como dun número de persoal interino/a nos postos de Bombeiro/a e Condutor/a Bombeiro/a en número máximo de 20 con cargo ás vacantes xeradas nas OEP 2023 e 2024, pendentes de execución. O número máximo de persoas previsto a formar é de 58, en función da execución das OEP e da existencia de listaxe de aprobados para a contratación do persoal interino. (expediente 7304/213).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 14/05/2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas, elaborado polo Prego de prescricións técnicas particulares polo xefe do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, con data de sinatura electrónica de 14/05/2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe de 202.234,52 euros € (exento de IVE) con cargo ao exercicio 2025.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación presupostaria 1360.2279910 "Cursos de Formación Impartidos por empresas" do exercicio 2025 e bolsa de vinculación. do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

11(382).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “ADECUACIÓN E MELLORA DE ACABADOS DA TOTALIDADE DE ESTANCIAS EXPOSITIVAS DA PLANTA PRIMEIRA DA CASA DAS ARTES”. EXPTE. 2268/441.

1 EXPTE. 44949/220

2 Sarxento/a extinción de incendios 2 prazas promoción interna, Bombeiro/a 23 prazas e Condutor/a-Bombeiro/a 7 prazas, ambas por quenda libre.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

Visto o informe xurídico de data 20/05/2025 e o informe de fiscalización do 23/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/04/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Sociais, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Por parte do servizo de Museos, remítese proxecto- memoria técnica valorada de “ADECUACIÓN E MELLORA DE ACABADOS DA TOTALIDADE DE ESTANCIAS EXPOSITIVAS DA PLANTA PRIMEIRA DA CASA DAS ARTES”, redactado polo arquitecto D. Francisco Javier Vázquez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO NOVENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (195.862,97 €) e con sinatura dixital do día 01.12.2024.

2.- O xefe de Museos Municipais e o xefe da área de Servizos Xerais en data 14.02.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 17.02.2025, resollen iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

3.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal do día 25.02.2025 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado os días 06 e 07.03.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 14.03.2025 aprobou o proxecto - memoria técnica valorada de “ADECUACIÓN E MELLORA DE ACABADOS DA TOTALIDADE DE ESTANCIAS EXPOSITIVAS DA PLANTA PRIMEIRA DA CASA DAS ARTES”, redactado polo Arquitecto D. Francisco Javier Vázquez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO NOVENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (195.862,97 EUROS) e con sinatura dixital do día 01.12.2024. Expte. 6660-443.

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 14.03.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6660-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo arquitecto D. Francisco Javier Vázquez Fernández.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de Xestión, polo xefe de Museos Municipais e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 20.03.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes dos días 20 e 21.03.2025.
- D) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 24.03.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 26.03.2025.

- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 02.04.2025.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor o día 16.04.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos proxectos os días 16 e 21.04.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos proxectos os días 16 e 21.04.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 25.02.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “ADECUACIÓN E MELLORA DE ACABADOS DA TOTALIDADE DE ESTANCIAS EXPOSITIVAS DA PLANTA PRIMEIRA DA CASA DAS ARTES”, redactado polo arquitecto D. Francisco Javier Vázquez Fernández.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos proxectos os días 16 e 21.04.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO NOVENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (195.862,97 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025, con cargo á na partida orzamentaria 3331.632.00.11 "INVESTIMENTOS MELLORA NA CASA DAS ARTES", proxecto de gasto 25333111, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	195.862,97 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

12(383).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE OBRAS DE URBANIZACIÓN NO PERI II-03 CASTRO CASTRIÑO. EXPTE. 675/403

Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo de data 27/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2025 asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. Antecedentes e Feitos

I. I. Danse por reproducidos por mor das necesarias concisión e brevidade, os antecedentes de feito e a fundamentación xurídica contidos no informe proposta asinado conxuntamente pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico en data 14.02.2025 (trámite 131 do expediente

electrónico) que serviu de base ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno local en data 21.02.2025, polo que se dispuxo: "(.) PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter inicial ao «Proxecto de execución subsidiaria das obras de terminación do PERI II- O3 Castro Castriño», documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 20.12.2023 (Doc. Núm. 230414365), redactado pola arquitecta I.U.P, colexiada núm.4587 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. SEGUNDO.: Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia-computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada aos interesados no presente procedemento, así como as empresas operadoras de telefonía, e as prestadoras de servizos- Aqualia, Unión Fenosa e Gas Galicia. TERCEIRO.: Notificar o presente acordo a Asesoría xurídica municipal, así como ao Xulgado do contencioso administrativo núm. 2 dos de Vigo, en cumprimento da obrigaón de informar dos avances acaídos nas actuacións executórias(.).

I.II. En cumprimento do dito acordado, someteuse o proxecto inicialmente aprobado, con toda a documentación integrante do mesmo, ao preceptivo trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios nun dos diarios de maior circulación na provincia (Faro de Vigo, do 28 de febreiro de 2025), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 44, do 5 de marzo de 2025); Asemade, practicáronse as notificacións individualizadas aos interesados no procedemento, así como as empresas operadoras de telefonía, e as prestadoras de servizos- Aqualia, Unión Fenosa e Gas Galicia.

I.III. Obra no expediente, dilixencia do resultado da exposición pública asinada pola xefa do rexistro da XMU en data 14.04.2025 e certificación de fin de exposición pública asinado en data 15.04.2025 polo Secretario da Xerencia co visto e prace da Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, do seguinte teor literal:

Que o "Proxecto de obras de urbanización do PERI II-O3 Castro-Castriño", inicialmente aprobado, someteuse, con toda a documentación integrante do mesmo, ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios nun dos diarios de maior circulación na provincia (Faro de Vigo do 28 de febreiro de 2025), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 44, do 5 de marzo de 2025) e na sede electrónica municipal, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 14 de abril de 2025, pola Xefa da Oficina do Rexistro da XMU, non se presentou escrito de alegación algún.

I.IV. Neste estado da tramitación, elevado o expediente ao enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas, en data 19.05.2025 emite informe técnico, do que se reproduce a continuación o seu contido íntegro:

A solicitud de la jefe de Desarrollo Urbanístico municipal se informa sobre las posibles alegaciones presentadas en el plazo de exposición pública del proyecto de ejecución subsidiaria de terminación de las obras de urbanización del PERI II-O3 Castro-Castriño.

Durante el periodo de exposición pública del proyecto se presentaron en el registro de esta Gerencia M. de Urbanismo tres recursos, de Nedgia Galicia SA, de R Cable y Telecable Telecomunicaciones SAU y de UFD, manifestando lo siguiente:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

- *Doc 250053916 del 10/03/25, presentado por Nedgia Galicia SA en la que indica la presencia de instalaciones de Gas Natural en el frente del ámbito de actuación y su disponibilidad para ampliar la red en el ámbito, aportando también un plano*
Este proyecto no contempla ninguna instalación de gas, por lo que no procede considerar este escrito como una alegación.
Este escrito no se considera un recurso, es una información, y será tomada en cuenta en la ejecución de las obras.
- *Doc 250061815 de 18/03/25, presentado por R Cable y Telecable Telecomunicaciones SAU en la que manifiesta que en el proyecto no se le garantiza el acceso de sus servicios a las parcelas del ámbito. Examinando el proyecto y revisando el plano IR05 que se menciona en el escrito, se podría concluir que no existe canalización para dotar a las parcelas de acceso a telecomunicaciones, no obstante, cabe mencionar que R no tiene infraestructura en la calle Benedicto Conde, por lo que, para poder dar servicios de telecomunicaciones a las parcelas deberá solicitar compartir la infraestructura existente de Telefónica Movistar, como la legislación actual le permite.*
En el ámbito del proyecto existen cuatro parcelas destinadas a vivienda unifamiliar, dos de ellas (D y E) tienen frente a la calle Benedicto Conde, con infraestructura telefónica, las dos restantes (B y C) accederían por el nuevo vial y se garantiza su conexión con la partida 13,03 Traslado acometida telf. vivienda existente. Que consiste en una canalización de 4 tubos de 110 mm que sirve sobradamente para canalizar las fibras necesarias desde la arqueta de telefónica existente hasta ambas parcelas.
Por lo tanto, se desestima el recurso, dado que el proyecto garantiza el acceso en libre concurrencia de otros operadores a las parcelas del ámbito.
- *Doc 250062932 de 19/03/25, presentado pro UFD en el que manifiesta entre otras cosas:*
 - ✓ *Que deberán tenerse en cuenta tanto los derechos adquiridos por esta Sociedad como consecuencia de la existencia de instalaciones eléctricas de su red de distribución en el ámbito de actuación como las prescripciones técnicas y reglamentarias establecidas en la legislación aplicable.*
 - ✓ *Si resultase precisa la variación de una línea de energía eléctrica existente, el coste de su modificación y los perjuicios que ocasione corresponderá asumirlos a la Administración promotora del plan o proyecto de referencia.*
 - ✓ *Será necesario proceder a la apertura del expediente de solicitud de acceso y conexión con la documentación técnica necesaria para poder realizar un análisis técnico-económico de las infraestructuras de distribución de energía eléctrica para dar cobertura a las nuevas necesidades.**Tanto las manifestaciones que detallo como el resto del escrito han sido tenidos en cuenta en el proyecto, que refleja la ejecución de una canalización de media tensión suficiente para satisfacer las acometidas domiciliarias de las parcelas unifamiliares proyectadas, además de esto, en el proyecto existe una partida de Traslado acometida elec. vivienda existente y otra de Partida Alzada para imprevistos de obra y servicios afectados para garantizar las variaciones de instalaciones eléctricas existentes o necesarias. Por lo tanto se estima este recurso, por ser todo lo manifestado apropiado, pero se informa que por ser algo ya contemplado en el proyecto no requiere modificación alguna en el documento y, por tanto, será tenido en cuenta en el desarrollo de las obras.*

Una vez finalizada la exposición pública con estas tres alegaciones y, en base a lo manifestado en este informe, se considera que el documento puede ser aprobado definitivamente si modificaciones en el mismo .(..)".

II. Fundamentos de Dereito/Valoración Xurídica

II.I. Normativa examinada

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Lei 29/1988, do 13 de abril, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000,

II.II. Informes municipais emitidos trala aprobación inicial

Obra incorporado ao expediente electrónico de razón, a emisión dos seguintes informes, de carácter técnico:

- informe da enxeñeira industrial municipal adscrita ao servizo de electromecánicos de data 10.03.2025, verbo da supervisión das instalacións de iluminación pública no proxecto de referencia
- informe do enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas de data 19.05.2025, cuxo contido íntegro se recolle no relato de feitos, e no que conclúe que, unha vez finalizada a exposición pública con ditas tres alegacións e, en base ao manifestado neste informe, se considerara que o documento pode ser aprobado definitivamente sen modificacións no mesmo.

II.III. Do Proxecto de prospección de sondaxes arqueolóxicas

Compre indicar con carácter previo, e como aclaración respecto do referido proxecto de prospección arqueolóxica o que segue:

A súa tramitación ten lugar no seo do presente expediente, -non obstante acada o carácter dunha peza separada do mesmo- dado que, o mesmo resulta do condicionado recollido na Resolución de data 09.04.2024 da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se autoriza o proxecto de execución subsidiaria das obras de terminación do PERI II-03 Castro Castriño, no seguinte senso: Autorizar a obras de urbanización en rúas Tomás Alonso e Benedicto Conde- , Concello de Vigo, non obstante cómpre realizar unhas sondaxes arqueolóxicas mecánicas valorativas. (..)”.

Polo que dende o punto de vista arqueolóxico, se informa favorablemente o proxecto presentado, porén estará condicionado á realización dunha serie de sondaxes avaliativas previas de carácter mecánico. En consecuencia antes do inicio dos traballos haberá que presentar o correspondente proxecto arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Neste senso, o referido Proxecto de Prospección Arqueolóxica, previa a súa contratación por esta XMU, ten sido presentado no rexistro electrónico do Concello de Vigo na súa versión inicial en data 23.10.2024 (Doc. Núm. 240330680), completado posteriormente- tralos requirimentos efectuados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, delegación Territorial de Pontevedra, no expediente da súa referencia: VBA/rl (Exp.0513/24)- en data 21.02.2025 (Doc. Núm. 250040192) e en data 19.05.2025 (Doc. Núm. 250115388 ; Documentación toda ela, que obra incorporada ao presente expediente, e pode visualizarse na pestana documentos dixitalizados.

II.IV. Cumprimento das sentenzas nos seus puros e debidos termos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

De acordo co disposto no artigo 103 da LXCA, a potestade de facer executar as sentenzas e demais resolucións xudiciais corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso administrativa e o seu exercicio compete ao que coñecera do asunto en primeira ou única instancia. Ademais, o precepto impón ás partes, no seu apartado segundo, a obriga de cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignent, mentres que seu apartado terceiro establece que todas as persoas e entidades públicas e privadas están obrigadas a prestar a colaboración requirida polos Xuíces e Tribunais do Contencioso-administrativo para a debida e completa execución do resolto.

Pola súa banda, o artigo 104 da LXCA dispón que, logo que sexa firme unha sentenza, o Secretario xudicial o comunicará no prazo de dez días ao órgano que realízase a actividade obxecto do recurso, a fin de que, recibida a comunicación, a leve a puro e debido efecto e practique o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no faio e, no mesmo prazo sinala o órgano responsable do cumprimento daquel.

Pois ben, no asunto que nos ocupa, corresponde á Administración condenada levar a puro e debido efecto a sentenza ditada o día 19.05.2022 polo XCA número 2 de Vigo . Trátase dunha sentenza que deveu firme.

II.V. Alcance e contido do proxecto

O Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, RLSG) recolle no artigo 225 o contido mínimo esixible aos proxectos de urbanización. Así:

1. Os proxectos de urbanización comprenderán os seguintes documentos:

- a) Memoria descritiva das características das obras
- b) Planos de información e de situación debidamente referenciados
- c) Planos de proxecto e de detalle que definan, sobre unha base cartográfica idónea e coa precisión e escala adecuadas para a súa correcta interpretación, os contidos técnicos das obras
- d) Pregos de prescricións técnicas das obras
- e) Medicións
- f) Cadro de prezos descompostos
- g) Orzamento
- h) estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan

Sobre a suficiencia e alcance da documentación técnica presentada informou favorablemente o enxeñeiro civil de obras públicas desta XMU, en datas 20.12.2023 e 11.11.2024, respectivamente.

II.VI. Resultado da información pública

No preceptivo trámite de información pública, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos, non constan presentados escritos de alegacións, tal e como se recolle na dilixencia e na certificación de fin de exposición pública, nos termos xa expresados.

Aínda que, no corpo do informe do enxeñeiro civil de obras públicas de data 19.05.2025, en atención aos escritos presentados polas empresas subministradoras de servizos, se empreguen os termos “Alegacións” e/ ou “Recursos”, non revisten tal carácter, ao facilitar información nun dos casos, e noutros manifestacións que se terán en conta na execución da obra, e así o conclúe o enxeñeiro civil no seu informe, “(..)a vista dos tres escritos achegados no período de información pública, o proxecto non require de modificación algunha no documento, e que o manifestado será tido en conta no desenvolvemento das obras.

Conclusión.: Cumprimentados os trámites sinalados, e tralo análise técnico e xurídico co contido e alcance de avaliar a integridade documental do proxecto, as actuacións administrativas realizadas e a súa adecuación e conformidade coa lexislación vixente que resulta de aplicación, o expediente está completo e procede propor ao órgano competente a súa aprobación definitiva.

II.VII. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter definitivo ao «Proxecto de execución subsidiaria das obras de terminación do PERI II- O3 Castro Castriño», documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 20.12.2023 (Doc. Núm. 230414365), redactado pola arquitecta I.U.P, colexiada núm.4587 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

SEGUNDO.: O contido íntegro do proxecto definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/ , e no Portal de Transparencia.

TERCEIRO.: Notificar o contido íntegro do presente acordo a todos os interesados no presente procedemento, con remisión expresa ao Xulgado do contencioso administrativo núm. 2 dos de Vigo, no debido cumprimento das actuacións executorias.

Non obstante, a presente proposta non ten carácter vinculante e o órgano competente para a adopción do acordo, decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Continuidade da concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros. Expte. 4639/449.
- .- Expediente de contratación da artista “Ana Belén” dentro dos espectáculos de verán de Vigo en Festas 2025. Expte. 10424/335.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

- .- Expediente de contratación do artista “Gente de Zona” dentro dos espectáculos de verán de Vigo en Festas 2025. Expte. 10426/335.
- .- Expediente de contratación da actuación do artista “Trueno” dentro dos espectáculos de verán de Vigo en Festas 2025. Expte. 10430/335.
- .- Expediente de contratación da actuación da artista “Rozalén” dentro dos espectáculos de verán de Vigo en Festas 2025. Expte. 10427/335.
- .- Prórroga do contrato mixto do mantemento e asistencia técnica de aplicacións informáticas para dar soporte á xestión da poboación e do territorio do Servizo de Estatística. Expte. 62369/234.
- .- Expediente de outorgamento das autorizacións de explotación a terceiros dos quioscos nas praias do municipio de Vigo para a tempada estival 2025-2028. Expte. 18398/306

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

13(384).- CONTINUIDADE DA CONCESIÓN DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS. EXPTE. 4639/449.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2025, asinado pla xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, a xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, pola titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Decreto 923/1965, do 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de contratos do Estado (LCE).
- Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado (RGCE).
- Decreto do 9 de xaneiro de 1953 polo que se aproba o Regulamento de contratación das Corporacións Locais.
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Prego de condicións económico administrativas e prescricións técnicas que rexe a concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo na sesión de 26 de maio de 1994 (PCAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE).
- Regulamento (CE) nº 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativo aos servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e por estrada e polo que se derroga os Regulamentos (CEE) no 1191/69 e (CEE) no 1107/70 do Consello.
- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres (LOTT).
- Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres (ROTT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Pleno do Concello de Vigo adxudicou a Viguesa de Transportes, S.A. (na actualidade Viguesa de Transportes S.L.- VITRASA), en data 16 de setembro de 1994, a concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros por un prazo de 25 anos,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

prorrogables por períodos de cinco anos e ate un limite de 35 anos (cláusula 2ª do prego de condicións económico administrativa e prescricións técnicas- PCAP-). O prego que rexe a contratación aprobouse mediante acordo plenario do 26 de maio de 1994.

Segundo.- A XGL, en data 27 de decembro de 2018 acordou comunicar a VITRASA a inoperabilidade da prórroga tácita prevista na cláusula 2 do PCAP (expediente 2267-449).

Terceiro.- A primeira prórroga deste contrato por un período de 5 anos a contar dende o día 8 de xuño de 2020 (tramitada co número de expediente nº 3080-449) foi aprobada pola Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) o 5 de xuño de 2020. Rematará o vindeiro 7 de xuño de 2025.

Cuarto.- Co fin de preparar unha nova contratación do servizo, a XGL, con data de 31 de marzo de 2023, aprobou un expediente de contratación dos servizos de asistencia técnica para a elaboración do estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo no ámbito da mobilidade urbana sostible (expediente 3896-449), que adxudicouse á unión temporal de empresas Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L. - CPS Infraestructuras Movilidad y Medio Ambiente, S.L. o 3 de novembro de 2023.

Quinto.- Por resolución do Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, de data 26 de abril de 2024, constituíse un Comité Técnico de Traballo a fin de realizar as actuacións necesarias no proceso de finalización do actual contrato de concesión do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros para a cidade de Vigo así como para o desenvolvemento dos traballos necesarios para a tramitación do novo expediente administrativo conducente a adxudicación dun novo contrato.

Sexto.- A XGL, en data 3 de maio de 2024 acordou comunicar a VITRASA a inoperabilidade da prórroga tácita prevista na cláusula 2 do PCAP (expediente 4639-449).

Sétimo.- Na actualidade está en tramitación o expediente para a contratación do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros (expediente 4537-449), que está previsto no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante. Os anuncios de información previa de servizos públicos de transporte de viaxeiros e de información previa da licitación (artigo 28.4 da LCSP), foron publicados no DOUE en datas 7 de marzo de 2024 e 9 de abril de 2025 respectivamente.

Oitavo.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, por mor da demora na tramitación do novo expediente de contratación, comunica, en data 13 de xaneiro de 2025, á concesionaria que *“se ben non é propósito desta Administración municipal acordar unha segunda prórroga do contrato por un período de 5 anos, se estaría disposta esta Administración local a acordar con Viguesa de Transportes, S.A. a segunda prorroga do contrato, prevista no PCAP, reitor do mesmo,*

pero limitada ao tempo que medie entre o remate da actual e o momento en que inicie a vixencia o novo contrato que resulte do expediente de contratación en trámite, mediante a resolución de mutuo acordo do contrato, que se pactará anticipadamente no acordo de prórroga e produciría os seus efectos no momento do inicio da vixencia do novo contrato. O prazo desta prórroga se estima como moito en 12 meses e remataría, en todo caso, na data na que se inicien as prestacións do novo contrato; momento no cal, tal e como vai dito, se produciría a resolución do actual contrato por mutuo acordo das partes, pactado anticipadamente no acordo de prórroga". VITRASA, en escrito de 24 de xaneiro de 2025, rechaza esta prórroga.

Noveno.- O servizo de Transportes formula unha proposta de continuidade forzosa do contrato por mor de ter por obxecto un servizo público e resultar necesaria a continuidade na prestación, en informe de 4 de abril de 2025. Este informe é completado en data 22 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros, adxudicada por acordo do Pleno do Concello de Vigo na sesión de data 16 de setembro de 1994 a Viguesa de Transportes, S.A., cualifícase como un contrato de xestión de servizo público, sendo o seu obxecto *"a prestación do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral dentro dos límites xurisdicionais do Concello de Vigo"* (artigo 1 do PCAP).

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares, e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Decreto 923/1965, do 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de contratos do Estado (LCE).
- Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado.
- Decreto do 9 de xaneiro de 1953 polo que se aproba o Regulamento de contratación das Corporacións Locais.
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais.

O PCAP dispón na cláusula 17 que *"En todo o non previsto neste Prego e os seus documentos complementarios serán de aplicación os preceptos da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local; Lei 16/87, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres relativos ao transporte urbano; Real Decreto 1211/90, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Ordenación de Transportes*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

Terrestres e Regulamento de aplicación; Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local; Regulamento de Contratación das Corporacións Locais; Lei de Contratos do Estado e Regulamento de aplicación; Normativa emanada da C.E.E. en materia de transporte urbano de viaxeiros de uso xeral, sendo dereito supletorio as disposicións xerais do Dereito Administrativo, e, no seu defecto, as do Dereito Privado".

-II-

Da finalización do prazo do vixente contrato transporte urbano colectivo de viaxeiros con carácter previo á formalización do novo contrato e da imposibilidade de acordar á prórroga prevista no PCAP

A concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros ten un prazo inicial de 25 anos e prevé dúas prórrogas de cinco anos cada unha (cláusula 2ª do PCAP).

A primeira prórroga aprobouse polo órgano de contratación o 5 de xuño de 2020, comezou o día 8 de xuño do mesmo ano e rematará o vindeiro 7 de xuño de 2025.

A XGL, en data 3 de maio de 2024, acordou comunicar a VITRASA a inoperabilidade da **prórroga tácita** prevista na cláusula 2 do PCAP, baseándose no criterio da doutrina consultiva. Tal e como se recolle no fundamento técnico e xurídico segundo deste acordo:

"De conformidade cos criterios da Xunta Consultiva de Contratación, que en reiterados dictámenes mantén que unha vez entrada en vigor a nova redacción do artigo 68.1 da Lei de Contratos das Administracións Públicas coa aprobación da Lei 53/1999, de 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, deben ser rechazadas as prórrogas tácitas.

Entre estes informes da Xunta Consultiva de Contratación, cabe destacar o Informe 24/04, de 7 de xuño, ratificado por Informes 35/04, 50/04 e 55/04 nos que se indica que "resulta un contrasentido que un contrato celebrado con anterioridade a su entrada en vigor puidese continuar producindo sus efectos indefinidamente en virtud de prórrogas tácitas"; o Informe 47/04, de 12 de novembro que engade que "la prórroga de un contrato es una renovación del mismo por un nuevo período, por lo que debe considerarse nuevo contrato, lo que impone que, al producirse durante la vigencia del actual artículo 68.1 de la Ley de 13/1995 de 18 de mayo de Contratos de las Administraciones Públicas el consentimiento contractual de la prórroga implica que haya de ser necesariamente expreso"

Por tanto, segundo indica a Xunta Consultiva de Contratación en Informe 27/07, de 29 de outubro "a partir de la entrada en vigor de la Ley 53/1999, de 28 de diciembre, que da nueva redacción al artículo 68.1 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas no son admisibles las prórrogas tácitas aun estando previstas en contratos anteriores a la indicada fecha"

Tendo en conta a imposibilidade da prórroga do contrato pola tácita recondución para os contratos preexistentes á entrada en vigor da Lei 53/1999 polos motivos expostos, procede comunicar á concesionaria, coa

mesma antelación que a que establece o prego de cláusulas do contrato para a denuncia da concesión, a inoperabilidade da prórroga tácita prevista no devandito prego de cláusulas; comunicación que se efectúa con independencia de que de ser necesario, e ao amparo da normativa aplicable, poida ser adoptado un acordo de prórroga expresa con anterioridade ao vencemento da actual prórroga, a fin de garantir a continuidade do servizo”.

Polo tanto, a posibilidade de prorrogar o contrato por segunda vez e por un último período de cinco anos axustase ao prego de cláusulas administrativas, máis non é posible de forma tácita senón que habería que acordala expresamente. No entanto, o servizo xestor considerou máis vantaxoso para os intereses públicos iniciar unha nova contratación á vista da situación da concesión, que se reflicte en diversos acordos de Xunta de Goberno Local de reequilibrio da concesión.

Así, se incluíu o novo contrato no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024. No entanto, tendo en conta os prazos previstos na LCSP, non resulta xa posible a súa formalización, con carácter previo ao remate do contrato en curso. Tal e como indica o servizo xestor en informe de 22 de maio de 2025:

“En relación aos prazos da tramitación do expediente de licitación do novo contrato, debe dicirse que o sistema de transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo nos últimos anos atópase inmerso nun proceso de recuperación despois das graves afeccións producidas pola pandemia da COVID-19 na sociedade e de forma moi concreta nos hábitos vinculados a mobilidade en xeral e de forma específica no transporte colectivo, o que provocou un importante desequilibrio económico da concesión para a empresa prestataria do servizo, que tivo que ser reequilibrada polo Concello (expedientes 3078-449 ; 3292-449 ; 3773-449)

A vista destes antecedentes e tendo en conta que a data de finalización da concesión é o día 7 de xuño do ano 2025, e ante a incerteza sobre a recuperación do número de viaxeiros aínda que comenzaba a iniciarse unha lenta recuperación dos viaxeiros, estimouse a comenzo do ano 2022 a necesidade de iniciar as actuacións conducentes para poder determinar os indicadores reais da demanda do novo modelo de mobilidade urbana, así como poder modelizar e optimizar a rede do transporte urbano de Vigo para a próxima década.

Para responder a esta necesidade e dada a necesidade de especialización para os traballos a realizar e a falta de medios para a realización dos mesmos no servizo de transportes, na data 13 de xullo de 2022 iniciáronse os tramites necesarios para a contratación do servizo de redacción do prego de prescricións técnicas e memoria económica para a futura licitación dun estudo técnico sobre a demanda e mobilización do sistema de transporte urbano de Vigo que foi adxudicado na data 18 de xullo de 2022 a empresa INTO GALICIA CONSULTING SL, por resolución do Concelleiro-delegado de Fomento e Servizos.

Na data 6 de outubro de 2022 iniciouse o procedemento para a contratación dunha asistencia técnica para a elaboración do estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo no novo ámbito da mobilidade urbana sostible. e así mesmo. establecer un proceso de modernización da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

rede de transporte urbano da cidade co obxecto de poder determinar todas as opcións de optimizar dita rede en relación a configuración das liñas coa demanda real e de cara á renovación do servizo de transporte público urbano para o ano 2025 que foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de novembro de 2023 a UTE Eptisa Servicios de Ingeniería S.L. -CPS Infraestructuras Movilidad y Medio Ambiente.

Na data 7 de marzo de 2024 foi publicado no D.O.U.E o anuncio previsto no artigo 7 do Regulamento (CE) no 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello.

O prazo de elaboración do estudo contratado foi de 10 meses, contados a partir da data de sinatura do contrato que asinouse na data 7 de novembro de 2023.

Os traballos foron realizados e entregados nos prazos establecidos durante o ano 2024.

Os traballos realizados consistiron esencialmente entre outros en:

O análise da concesión actual incluíndo a o estudo das liñas, frecuencias e horarios, a realización dos inventarios de vehículos, instalacións, mobiliario, equipos informáticos, ferramentas etc.

Realización de enquisas de mobilidade xeral e do transporte publico.

Modelos de simulación.

Análise económico da concesión actual e estudo de custes do servizo.

Os informes recibidos puxeron de manifesto a complexidade dos documentos a completar para a licitación do novo contrato, e carecendo o Servizo de Transportes do persoal e medios necesarios para a execución dos mesmos, por resolución do Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, de data 26 de abril de 2024, constituíse un Comité Técnico de Traballo multidisciplinar a fin de realizar as actuacións necesarias no proceso de finalización do actual contrato de concesión do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros para a cidade de Vigo así como para o desenvolvemento dos traballos necesarios para a tramitación do novo expediente administrativo conducente a adxudicación dun novo contrato.

Ao mesmo tempo que se recibían os informes, polo Comité Técnico de Traballo cos datos recibidos, se traballaba no prego de prescricións técnicas así como na proposta económica do futuro contrato, solicitándose posteriormente actualizacións dalgúns informes elaborados pola consultora, a fin de adaptalos as datos reais dos últimos meses (número de viaxeiros, marquesinas, paradas etc) presentándose os últimos informes no mes de marzo de 2025.

Ante a constatación da imposibilidade de formalizar o novo contrato con anterioridade a data de finalización da prórroga aprobada na data 5 de xuño de 2020 e que finaliza o 7 de xuño de 2025, e descartado o acordo dunha segunda prórroga de 5 anos, debido a necesidade de formalizar un novo contrato adaptado as circunstancias actuais, substituíndo o modelo

concesional por un contrato de servizos, e considerando os novas demandas de mobilidade no novo ámbito da mobilidade urbana sostible, así como a situación económica actual, e co obxectivo de establecer un proceso de modernización da rede de transporte urbano da cidade en relación a configuración das liñas coa demanda real e de cara á renovación do servizo de transporte público urbano, polo Comité Técnico formulouse a necesidade de continuar co servizo, polo que foi comunicado polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, en data 13 de xaneiro de 2025 a concesionaria, a posibilidade de acordar unha segunda prórroga do contrato, limitada ao tempo que medie entre o remate da actual prórroga e o momento en que inicie a súa vixencia o novo contrato que resulte do expediente de contratación en trámite (expediente 4537-449). VITRASA, en escrito de 24 de xaneiro de 2025, rechaza esta prórroga.

A vista do exposto formulouse proposta de continuidade forzosa do servizo polo tempo necesario para a formalización do novo contrato e en todo caso polo prazo máximo de dous anos previstos na lexislación de aplicación ”.

Constatada a imposibilidade de formalizar o novo contrato antes da finalización deste, o servizo xestor propuxo á concesionaria a posibilidade de acordar unha segunda prórroga do contrato, limitada ao tempo que medie entre o remate da actual prórroga e o momento en que inicie a súa vixencia o novo contrato en trámite co número de expediente 4537-449. VITRASA, en escrito de 24 de xaneiro de 2025, rechaza esta prórroga polos seguintes motivos:

“III. En resposta a lo anterior, debe señalarse que el contrato ha sido denunciado por el Concello de Vigo con un año de antelación a la fecha de fin de la última prórroga acordada y por tanto ya no cabe ninguna posibilidad de prórroga contractual impuesta de manera unilateral por parte del Concello de Vigo.

IV. Así las cosas, debe señalarse que, pese al acuerdo adoptado por la Xunta de Gobierno Local del Concello de Vigo con fecha 15 de noviembre de 2024, el contrato sigue estando desequilibrado en 2023 y 2024.

V. En consecuencia, VITRASA no puede seguir asumiendo las pérdidas derivadas de la ejecución del mismo y, por tanto, debe oponerse a la propuesta de prórroga contractual notificada por el Concello de Vigo.

VI. Todo ello, sin perjuicio de que el Concello pueda recurrir a fórmulas que le permiten obligar unilateralmente a VITRASA a seguir prestando el servicio después de vencido el contrato, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 128 del Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales o en el artículo 288 a) de la Ley de Contratos del Sector Público.

VII. Al seguir prestando el servicio después de vencido el contrato deja de aplicar el principio de riesgo y ventura propio de la ejecución de los contratos públicos de forma que, en todo caso, la compensación al operador durante todo el tiempo en que siga prestando el servicio deberá cubrir todos los costes más un beneficio industrial razonable”.

-III-

Necesidade da prestación dos servizos de transporte urbano colectivo de viaxeiros ata a adxudicación do novo contrato



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

O obxecto deste contrato satisfai a necesidade pública de prestar o servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros. Trátase dunha competencia municipal propia e configúrase como un servizo de prestación obrigatoria para municipios con poboación superior a 50.000 habitantes (artigos 25.2.g) e 26.1.d) da LBRL e 80 e 81 da LALGA), como é o caso de Vigo. En consecuencia, é preciso continuar coa súa prestación ao remate do mesmo e ata que se adxudique o novo contrato.

Efectivamente, tanto o regulamento de servizos das corporacións locais como as sucesivas leis de contratación fixan o principio de continuidade na prestación dos servizos públicos co fin de garantir aos cidadáns o acceso aos mesmos de maneira ininterrompida e nas condicións establecidas no contrato.

-III-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

A imposibilidade de formalizar o novo contrato antes de que finalice a prórroga en curso pode supoñer unha interrupción do servizo, afectar aos usuarios e pór en perigo a continuidade da xestión, por ilo é preciso garantir a continuidade do contrato en curso ata o inicio do novo contrato.

O presente contrato ten prevista unha segunda prórroga, pero tal como se dixo, o órgano de contratación acordou a inoperabilidade da prórroga tácita prevista na cláusula 2 do prego de condicións que rexe a mencionada concesión administrativa. Extremo confirmado pola sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, nº 39/2022, de 11 de febreiro de 2022, relativa a primeira prórroga deste contrato, acordada unha vez que o Concello tiña renunciado á mesma, por razóns de interese público:

“teniendo en cuenta el contenido del Acuerdo recurrido, que mantiene las condiciones de la concesión conforme al pliego de Condiciones de la concesión aprobado en el Pleno de 26/05/1994, y justificada la prórroga del contrato conforme a lo previsto en la cláusula segunda del pliego de las Condiciones de la Concesión (plazo de duración máxima de 25 años, prorrogables por períodos de 5 años hasta un límite de 35 años, incluido el plazo fijo), y que preveía la prórroga automática del contrato conforme a la normativa en vigor en aquella fecha, por lo que el Concello denunció la prórroga de la concesión para evitar la prórroga tácita no admisible actualmente (art. 67 de la Ley de CAP) , como se recoge en el Acuerdo recurrido, sin que se hubiese llegado a iniciar los trámites administrativos para la licitación de un nuevo expediente de contratación en el plazo previsto (punto 2 del Acuerdo), por lo que la prórroga expresa de la concesión era posible jurídicamente conforme a las cláusulas de los pliegos de condiciones que rigen la Concesión del servicio público municipal, y atendidas las consideraciones jurídicas para garantizar la continuidad del contrato de concesión del servicio público esencial y de prestación obligatoria (punto 3 del Acuerdo de 5/06/2020), del que resulta la motivación del acuerdo conforme a lo informado en el acuerdo impugnado, manteniendo las mismas condiciones del contrato administrativo de concesión del servicio público, y con la aceptación de la empresa concesionaria del servicio público esencial (...).”

Unha vez constatada a imposibilidade de formalizar o novo contrato en prazo para garantir a continuidade na prestación do servizo público, o servizo xestor comunicou ao contratista a necesidade de acordar esta segunda prórroga e unha resolución de mutuo acordo anticipada coa finalidade de que non se estendese máis aló do tempo imprescindible para adxudicar o novo contrato e comezar a súa execución. Isto evita que se esgote o prazo contractual máximo previsto no PCAP, 35 anos, abre o contrato a concorrencia, e se evita o risco de que se poida volver a producir de novo unha situación de desequilibrio. Neste senso, informa o servizo xestor:

“descartado o acordo dunha segunda prórroga de 5 anos, debido a necesidade de formalizar un novo contrato adaptado as circunstancias actuais, substituíndo o modelo concesional por un contrato de servizos, e considerando os novas demandas de mobilidade no novo ámbito da mobilidade urbana sostible, así como a situación económica actual, e co obxectivo de establecer un proceso de modernización da rede de transporte urbano da cidade en relación a configuración das liñas coa demanda real e de cara á renovación do servizo de transporte público urbano”.

Así as cousas, neste punto, é preciso prorrogar o contrato para garantir a continuidade do servizo público a pesar da falta de acordo co concesionario. As sucesivas leis de contratos arbitraron fórmulas para garantir a continuidade dos contratos de concesión de servizos públicos. No ámbito local, a figura da “continuidade obrigatoria” nas concesións de servizos podería fundamentarse no artigo 128.1. 1º do RSCL, aplicable ao presente contrato, que impón ao concesionario a obriga de prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente. Trátase dunha regra fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo.

A prestación dos servizos públicos en xestión indirecta ata a entrada en vigor da vixente LCSP realizábase a través do contrato de concesión de xestión de servizo público, como no caso que nos ocupa. Na actualidade, dado que o aspecto fundamental para diferenciar os contratos de servizos dos de concesión de servizos non é que se trate dun servizo público, senón se se traslada ao contratista o risco operacional na execución do contrato, os servizos públicos poden prestarse tanto a través dun contrato de concesión de servizos como dun de servizos, neste segundo caso, coa peculiaridade de que se conteñen prestacións directas á cidadanía se lles aplica un réxime xurídico específico, regulado no artigo 312 da LCSP. A distinción ten relevancia por canto a regulación da continuidade dos contratos é distinta segundo se trata dunha concesión de servizos ou de un contrato de servizos.

No primeiro caso, o artigo 288 da LCSP, tras establecer que o concesionario deberá prestar o servizo coa continuidade pactada, determina que *“En caso de extinción del contrato por cumplimiento del mismo, el contratista deberá seguir prestando el servicio hasta que se formalice el nuevo contrato”*. É dicir impón a continuidade forzosa do servizo e non esixe máis requisitos que a extinción do contrato e tampouco regula a súa duración e condicións.

No caso dos contratos de servizos a continuidade está regulada no artigo 29, que a suxeita ao cumprimento de determinados requisitos, entre eles que sexa consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles, e a limita a un prazo de 9 meses dende a publicación do anuncio de licitación do novo contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

Así mesmo, a LCSP prevé a continuidade do contrato en caso de nulidade (artigo 42.3 LCSP) ou de resolución (artigo 213.6 LCSP), para garantir a prestación dos servizos públicos.

Con relación aos contratos que se rexen pola normativa anterior á LCSP existe unha consolidada doutrina consultiva e xurisprudencial que determina:

- Que as concesións de servizo público réxense polo principio de manter a continuidade na prestación do servizo público.
- Que o interese público en tal continuidade prima sobre a regra da inalterabilidade do contrato.

Esta doutrina está recollida na sentenza do Tribunal Supremo do 2 de outubro de 2000, ao manifestar que:

“Tampoco se ha vulnerado la doctrina jurisprudencial invocada, con fundamento en las sentencias de esta Sala de 24 de abril de 1985, 25 de abril de 1986 y 2 de diciembre de 1988, cuyo análisis permite destacar los siguientes principios:

1. La concesión se rige por el principio fundamental de mantener la continuidad en la prestación del servicio público (STS de 24 de abril de 1985 y 20 de diciembre de 1986).

2. El interés público en dicha continuidad prevalece sobre la doctrina clásica de la inalterabilidad del contrato (flexibilización del contrato, contenida en los artículos 126.2.b), 127.2.2 y 128.3.2. del RSCL frente a la inalterabilidad que reconoce el artículo 51 del RCCL)”.

Ou a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Canarias do 1 de marzo de 1999 que di que:

“Al regular el art. 127.1 RS las potestades exorbitantes de que gozará la Administración en los contratos de servicios públicos señala que la Corporación concedente ostentará sin perjuicio de las que procedan, las potestades siguientes: 1º Ordenar discrecionalmente, como podría disponer si gestionare directamente el servicio, las modificaciones en el concedido que aconseje el interés público y, entre otras: a) la variación en la calidad, cantidad tiempo o lugar de las prestaciones en que el servicio consista, y b) la alteración de las tarifas a cargo del público y en la forma de retribución del servicio. Si observamos atentamente los preceptos transcritos siempre hacen referencia a la posibilidad de introducir modificaciones en el servicio. Por modificar hay que entender «cambiar una cosa mudando alguno de sus accidentes». Según la doctrina civilista se consideran, por regla general, condiciones accidentales del contrato las que se refieren a la cantidad, modo, tiempo o lugar de las obligaciones. La prórroga de la duración del contrato podría tener cabida dentro de la potestad de modificar el servicio (...)”.

No ámbito da doutrina consultiva, citamos por todos, o Informe 6/2022, do 28 de xuño, da Junta Consultiva de Contratación Pública de Catalunya, que ao pronunciarse sobre esta cuestión conclúe que:

“I. Es posible acordar la continuidad de la prestación objeto de un contrato de concesión de servicios, una vez extinguido el contrato por cumplimiento de la

concesión y por el tiempo estrictamente necesario hasta que se inicie la ejecución del contrato posterior, tanto si se trata de concesiones sujetos a la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, en el artículo 288.a de la cual se establece expresamente esta posibilidad –que también se prevé, en el ámbito de Catalunya, en el artículo 235 del Reglamento de obras, actividades y servicio de los entes locales, aprobado por el Decreto 179/1995, de 13 de junio–, como en el caso de concesiones sujetas a la normativa anterior a la entrada en vigor.

II. La orden de continuidad puede acordarse por todo el periodo de tiempo comprendido entre la extinción por cumplimiento de la concesión y la formalización del nuevo contrato, de manera que su vigencia no se vea afectada por las vicisitudes que se puedan producir en el procedimiento de adjudicación del nuevo contrato tales como, por ejemplo, la interposición de un recurso especial en materia de contratación que retrase la disposición”.

Neste punto, é preciso por de releve que estamos ante un contrato de transporte público, polo que resulta necesario ter en conta a regulación sectorial do transporte, tanto nacional, como a normativa da Unión Europea. Sinaladamente o Regulamento (CE) nº 1370/2007 relativo aos servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e por estrada. Esta norma, de aplicación directa e prevalente por efecto do principio da primacía do dereito da Unión ao ser o transporte un ámbito no que os estados membros cederon soberanía á UE, no seu artigo 5.5 prevé a posibilidade de acordar unha adxudicación directa ou un acordo de prórroga para evitar a interrupción na prestación dos servizos de transporte:

“En caso de interrupción de los servicios o de riesgo inminente de tal situación, la autoridad competente podrá adoptar una medida de emergencia en forma de adjudicación directa o de acuerdo formal de prórroga de un contrato de servicio público, o de exigencia de prestar determinadas obligaciones de servicio público. El operador de servicio público tendrá derecho a recurrir la decisión de imponer la prestación de determinadas obligaciones de servicio público. La adjudicación o prórroga de un contrato de servicio público como medida de emergencia, o la imposición de dicho contrato, no excederá de dos años”.

Esta norma, tal e como se desprende do artigo 10, apartado 3, da Directiva 2014/23/UE e ten recoñecido o TJUE (citaremos por todas a sentenza de 13 de febreiro de 2025 (Asunto C-684/23, Latvijas Sabiedriskais Autobuss), é aplicable so as concesións de servizos de transporte. Se o servizo se presta a través dun contrato de servizos aplicarase a citada directiva de contratos. Así o ten confirmado tamén a Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado no informe nº 56/2019.

A citada norma, ao ser un regulamento é directamente aplicable sen necesidade de acto de dereito interno ningún. Así o determina o artigo 288 do TFUE “*el reglamento tendrá un alcance general. Será obligatorio en todos sus elementos y directamente aplicable en cada Estado miembro*” desde a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea.

No entanto, a regulación contida no citado regulamento europeo foi incorporada ao ordenamento xurídico español pola Lei 9/2013, de 4 de xullo, de modificación da LOTT. O artigo 82.2 in fine da LOTT dispón que “*cuando finalice el plazo de vigencia de un contrato sin que haya concluido el procedimiento tendente a la adjudicación*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

de uno nuevo para la prestación del mismo servicio, el anterior contratista deberá prolongar su gestión, cuando así se lo requiera la Administración, en los términos y plazos previstos en el artículo 85”.

A su vez o artigo 85 da LOTT di que:

“en caso de interrupción de un servicio público de transporte regular de viajeros de uso general o de riesgo inminente de que dicha interrupción se produzca, la Administración podrá adoptar una medida de emergencia en forma de adjudicación directa o de acuerdo formal de prórroga de un contrato de gestión de servicio público o de exigencia de prestar determinadas obligaciones de servicio público.

El acuerdo en este sentido del órgano contratante de la Administración pondrá fin a la vía administrativa, será inmediatamente ejecutivo y su cumplimiento resultará obligatorio para el contratista.

La duración del contrato que se adjudique o de la prórroga que se imponga en el supuesto anteriormente previsto no podrá ser superior a dos años”.

Esta norma, consonte prevé o apartado 3 da disposición final segunda 3 da Lei 9/2013, ten o carácter de lexislación básica do Estado, ditada ao amparo do artigo 149.1.18.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar a lexislación básica sobre contratos administrativos.

A posibilidade de acordar unha prórroga forzosa dun ano dos contratos de servizos de transporte público tamén está recollida no artigo 74 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación da Comunidade Autónoma de Galicia, que regula o transporte público regular de viaxeiros no ámbito territorial da Comunidade Autónoma e que resulta de aplicación ás administracións locais de Galicia. Se ben, so fixa un prazo dun ano, fronte aos dous previstos no regulamento comunitario e na LOTT, normas de aplicación preferente.

Se ben esta normativa non estaba vixente no momento da adxudicación do contrato, non existe dúbida da súa aplicación ao mesmo.

As normas europeas teñen prevalencia sobre o dereito interno con independencia de que se aprobaran con posterioridade. Tal e como determinou o Tribunal de Xustiza da UE na sentenza Costa/ENEL (asunto 6/64) a primacía do dereito da UE debe aplicarse a todas as leis nacionais, independentemente de que fosen adoptadas antes ou despois do acto da UE en cuestión.

Con relación ao dereito interno así o ten declarado a xurisprudencia expresamente, en aplicación da doutrina do Tribunal Constitucional sobre a eficacia retroactiva das normas, a cal se permite sempre e cando non se trate de preceptos sancionadores ou restritivos de dereitos individuais, supostos proscritos polo artigo 9.3 da CE. A sentenza 1066/2020 de 21 de xullo de 2020, da sección cuarta da sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo, confirma en casación a sentenza 228/2018, de 28 de xuño, ditada pola Sección Primera da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Justicia do País Vasco, que se refire expresamente á aplicación retroactiva dos citados artigos 82 e 85 da LOTT a unha concesión de servizo público adxudicada con anterioridade a súa entrada en vigor. Afirmo ao respecto a sentenza de instancia, no seu fundamento xurídico terceiro, que:

“En todo caso, deviene inoportuna la invocación a tal efecto del principio de irretroactividad, con el que pretende la concesionaria soslayar la sucesión normativa operada por la Ley 9/2013, que adapta el régimen de gestión de los transportes públicos regulares de viajeros de uso general por carretera y ferrocarril a las reglas contenidas en el Reglamento (CE) nº 1370/2007, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de octubre de 2007 —sobre el que a continuación abundaremos— con efectos desde su entrada en vigor, ausente régimen transitorio.

A propósito de la retroactividad, el Tribunal Supremo en la reciente sentencia nº 798/2018, de 18 de mayo, (rec. nº 4716/2016), se ha hecho eco de la doctrina constitucional sobre la materia en los siguientes términos:

"conviene destacar que el límite expreso de la retroactividad, denominada ‘in peius’, de las leyes se circunscribe a las leyes ex post facto sancionadoras o restrictivas de derechos individuales. Fuera de estos dos ámbitos, nada impide, a tenor del artículo 9.3 de la CE, al legislador dotar a la ley del grado de retroactividad que considere necesario, ya que de lo contrario se podrían producir situaciones de congelación o petrificación del ordenamiento jurídico (STC 49/2015, de 5 de marzo), que impedirían dar respuesta a los problemas o dificultades aparecidas. En este sentido se pronuncia el Tribunal Constitucional (SSTC 42/1986, de 10 de abril, y 65/1987, de 21 de mayo), al destacar que lo que prohíbe el citado artículo 9.3 de la CE es la retroactividad entendida como incidencia de la nueva ley en los efectos jurídicos ya cerrados, ya producidos de situaciones anteriores. La irretroactividad sólo es aplicable a los derechos que ya han sido consolidados, asumidos e integrados en el patrimonio del sujeto y no a los todavía pendientes, futuros, condicionados y expectativas, por todas, SSTC 99/1987, de 11 de junio, y 178/1989, de 2 de noviembre.

De modo que una norma es retroactiva, con lesión del artículo 9.3 de la CE, cuando incide sobre relaciones ya consagradas y afecta a situaciones terminadas y agotadas.

Por el contrario, en el caso de la retroactividad impropia, que incide en situaciones no concluidas, hay que reconocer al legislador un amplio margen de libertad, de suerte que no entran dentro del ámbito de la retroactividad prohibida por el citado artículo 9.3 de la CE, las disposiciones que, carentes de efectos ablativos o peyorativos hacia el pasado, despliegan su eficacia inmediata hacia el futuro aunque ello suponga incidir en una relación o situación jurídica aún en curso, según declara la STC 270/2015, de 17 de diciembre.

En este sentido, la expresada STC 270/2015 concluye, respecto de la constitucionalidad del expresado Real Decreto Ley 9/2013, en lo que se refiere al nuevo régimen retributivo, que "En suma, conforme a la doctrina de este Tribunal, el art. 9.3 CE no contiene una prohibición absoluta de retroactividad que conduciría a situaciones congeladoras del ordenamiento contrarias al art. 9.3 CE(STC 126/1987, de 16 de julio, FJ 11), ni impide que las leyes puedan afectar a derechos e intereses derivados de situaciones jurídicas que siguen produciendo efectos, pues no hay retroactividad proscrita cuando una norma regula pro futuro situaciones jurídicas creadas con anterioridad a su entrada en vigor o cuyos efectos no se han consumado, ya que el legislador puede



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

variar ex nunc el régimen jurídico preexistente de los derechos individuales, siempre que se ajuste a las restantes exigencias de la Constitución (STC 227/1988, de 29 de noviembre, FJ 9).

De este modo una medida normativa como la impugnada no entra en el ámbito de la retroactividad prohibida por el art. 9.3 CE, pues nos hallamos ante relaciones jurídicas no concluidas, cuya resistencia a la retroactividad de la ley es menor que en los supuestos de retroactividad auténtica, debiendo reconocérsele al legislador un amplio margen de libertad en la constatación de la concurrencia de circunstancias concretas y razones que pudieran ser discutibles en el debate político, pero que, desde el punto de vista constitucional, aparecen como suficientes para justificar la retroactividad impropia ante la que nos encontramos.

No estamos, en suma, ante una norma sancionadora o restrictiva de derechos, ni ante una regulación que afecte a una situación "agotada", consolidada, perfeccionada o patrimonializada -en los términos utilizados por nuestra jurisprudencia- que haya sido revertida in peius con efecto retroactivo, por lo que no concurre un supuesto de retroactividad constitucionalmente prohibida, y, en consecuencia, no se produce una vulneración del art. 9.3 CE".

Fundamentos que proyectados al caso en estudio, refrendan la aplicación del artículo 85 LOTT; otra cosa es si, lícita la prórroga, está o no obligada la Administración a compensar a la concesionaria por la prolongación de la gestión del servicio hasta la nueva adjudicación, habida cuenta su carácter deficitario".

En consecuencia, en aplicación dos artigos 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007 e 85 da LOTT, e tendo en conta a doutrina xurisprudencial citada, podemos concluír que resulta necesario declarar a necesidade da continuidade da prestación do servizo público obxecto da concesión de servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros e acordar a prórroga forzosa prevista nos citados preceptos. Este acordo será inmediatamente executivo e de obrigado cumprimento para o contratista.

-IV-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar os servizos de transporte urbano colectivo, e de garantir a continuidade na prestación do servizo ao remate da prórroga en curso, resta fixar as condicións nas que deberá producirse a mesma.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. Neste senso, o informe 76/2021 da Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado, referíndose á continuidade das prestacións dun contrato público xa extinguido, sinala:

"En todo caso, estas prácticas deben limitarse en el tiempo a lo estrictamente imprescindible al constituir una patente infracción de la regulación de los contratos públicos, que no puede aceptarse, y que sólo puede justificarse por causas ineludibles de interés público y con exclusivo fundamento en la

necesidad de continuidad de un servicio público imprescindible para los ciudadanos”.

Se ben, no presente caso, ao tratarse dun servizo público de transporte operará o prazo máximo de dous anos previsto no citado artigo 5.5 do Regulamento (CE) nº 1370/2007 e no artigo 85 da LOTT.

Respecto á compensación a aboar ao contratista, en principio a doutrina, tanto xurisprudencial como consultiva, consideran que debe aboarse consonte ao réxime previsto no contrato que continúa. Así, a sentenza do Tribunal Supremo do 18 novembro de 1986 di que:

“(…) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza del Hospital Insular”.

É preciso traer a colación que a continuidade xérase como consecuencia dun atraso por parte desta administración na licitación do novo contrato, por mor da súa complexidade. Polo tanto, as consecuencias derivadas da continuidade non poden supor un prexuízo ao contratista. Nesta liña o citado Informe 6/2022, do 28 de xullo, da Junta Consultiva de Contratación Pública de Catalunya, nas súas conclusións di que:

“IV. El pago al concesionario como contrapartida por el servicio prestado durante el periodo de continuidad del servicio por orden de la entidad contratante tiene que compensar adecuadamente todos los gastos que se deriven de la obligación de seguir prestando el servicio, en el marco de las condiciones establecidas en el contrato de concesión finalizado, si bien adaptadas a las circunstancias que concurran durante este periodo, dado que la concesionaria no se tiene que ver perjudicada por las eventuales consecuencias económicas de la falta de formalización del contrato posterior”.

Do xogo dos artigos 4 e 6 do Regulamento (CE) nº1370/2007 dedúcese que é necesario fixar unha compensación de servizo público ao contratista, que deberá calcularse segundo o previsto no Anexo. Este fixa as regras aplicables á compensación:

“1. Las compensaciones vinculadas a contratos de servicio público adjudicados directamente conforme al artículo 5, apartados 2, 4, 5 o 6, o las vinculadas a una regla general deberán calcularse conforme a las reglas fijadas en el presente anexo.

2. La compensación no podrá rebasar el importe correspondiente a la incidencia financiera neta, que equivale a la suma de las incidencias, positivas o negativas, del cumplimiento de la obligación de servicio público en los costes y los ingresos del operador de servicio público. Las incidencias se evaluarán comparando la situación de cumplimiento de la obligación de servicio público con la situación que se hubiera producido si la obligación no



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

se hubiera cumplido. Para calcular la incidencia financiera neta, la autoridad competente se guiará por el siguiente esquema:

— los costes derivados en relación con una obligación de servicio público o una serie de obligaciones impuestas por la autoridad o las autoridades competentes, que figuren en un contrato de servicio público o en una norma general,

— menos cualquier incidencia financiera positiva surgida en la red explotada con arreglo a la obligación o las obligaciones de servicio público de que se trate,

— menos los ingresos procedentes de tarifas o cualquier otro ingreso producido al cumplir la obligación o las obligaciones de servicio público de que se trate,

— más un beneficio razonable,

— igual a la incidencia financiera neta.

3. El cumplimiento de la obligación de servicio público podrá tener una incidencia en las posibles actividades de transporte de un operador más allá de la obligación o las obligaciones de servicio público de que se trate. Por consiguiente, para evitar una compensación excesiva o una falta de compensación, las incidencias financieras cuantificables en las redes del operador afectadas se tomarán en cuenta a la hora de calcular la incidencia financiera neta.

4. El cálculo de los costes y los ingresos deberá realizarse con arreglo a los principios contables y fiscales vigentes.

5. Para aumentar la transparencia y evitar subvenciones cruzadas, cuando un operador de servicio público explote a la vez servicios compensados sometidos a obligaciones de servicio de transporte público y otras actividades, la contabilidad de dichos servicios públicos deberá separarse de forma que se cumplan como mínimo las condiciones siguientes:

— las cuentas correspondientes a cada una de esas actividades de explotación serán separadas y la parte de los activos correspondientes y los costes fijos se imputará con arreglo a las normas contables y fiscales vigentes,

— ningún coste variable, ninguna contribución adecuada a los costes fijos ni ningún beneficio razonable que guarden relación con cualquier otra actividad del operador de servicio público podrán imputarse en ningún caso al servicio público en cuestión,

— los costes del servicio público se equilibrarán mediante los ingresos de explotación y los pagos de las autoridades públicas, sin posibilidad de transferir los ingresos a otro sector de actividad del operador de servicio público.

6. Por «beneficio razonable» se entenderá una tasa de remuneración del capital que sea la habitual para el sector en un determinado Estado miembro y que tenga en cuenta el riesgo o la ausencia de riesgo que suponga para el operador de servicio público la intervención de la autoridad pública.

7. El método de compensación deberá impulsar el mantenimiento o el desarrollo:

- de una gestión eficaz por parte del operador de servicio público, que pueda apreciarse objetivamente, y*
- de una prestación de servicios de transporte de viajeros con un nivel suficiente de calidad”.*

Podemos concluir que se aboará ao contratista a retribución prevista no contrato se ben, adaptada ás circunstancias que concorran durante este período, e sen prexuízo de que rematada a continuidade forzosa, se resultase un prexuízo económico acreditado ao contratista habería que compensarlle economicamente consonte as regras previstas no citado Anexo do Regulamento (CE) nº1370/2007. Así se desprende tamén do “Informe sobre las tarifas aplicables a los servicios de transporte urbano del ayuntamiento de A Coruña”, elaborado pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia en data 24 de abril de 2018. En ningún caso, considerárase que o beneficio razoable poida exceder do 6% dos custes de explotación.

En todo caso, e co fin de manter un adecuado control do gasto, durante o período de vixencia desta prórroga o servizo de Transportes levará a cabo un control específico mensualmente dos custos reais do servizo e dos avances do procedemento da nova licitación.

-V-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

-VI-

Proposta de acordo

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Acordar, en aplicación do principio de continuidade na prestación do servizo público e dos artigos 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007 e 85 da LOTT, a prórroga forzosa da concesión de servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros, adxudicada a Viguesa de Transportes, S.A., polo Pleno do Concello de Vigo o 16 de setembro de 1994, con carácter excepcional e temporal, a partir do 8 de xuño de 2025, día seguinte ao remate da prórroga en curso, polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato, resultante do expediente de licitación 4537-449. A continuidade en ningún caso poderá exceder de 2 anos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

2º.- Esixirlle ao contratista que a partir do 8 de xuño de 2025 continúe prestando o servizo contratado, nos mesmos termos e condicións inicialmente pactados. Se aboará ao contratista a retribución prevista no contrato se ben, adaptada ás circunstancias que concorran durante este período, e sen prexuízo de que rematada a prórroga forzosa, se resultase un prexuízo económico acreditado ao contratista habería que compensarlle economicamente consonte as regras previstas no citado Anexo do Regulamento (CE) nº1370/2007.

3º.- Durante o período de vixencia desta prórroga o servizo de Transportes levará a cabo un control específico mensualmente dos custos reais do servizo e dos avances do procedemento da nova licitación.

4º.- Notificarlle ao contratista o presente acordo, informándolle de que contra o mesmo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición (artigo 123.1 da LPAC).

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LPAC).

5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia."

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

14(385).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ARTISTA "ANA BELÉN" DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025. EXPTE. 10424/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 26/05/2025 e o informe de fiscalización do 29/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 22/05/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro da Área de Goberno (Resolución de Alcaldía de 07/05/2025), que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 16 de abril de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “ANA BELEN” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 16 de abril de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2025".
- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025”, no marco do expediente 10333-335.
- Con data 16 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista “ANA BELEN”.
- Memoria económica de data 16 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

- Retención de crédito de data 21 de abril de 2025 (operación nº 12025000040145-RC).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 5 de maio de 2025.
- Memoria xustificativa, de data 24 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 21 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditado no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 21 de maio de 2025, que a mercantil YMAX PRODUCCIONES, S.L, ten cedidos os dereitos de exclusiva para levar a cabo a actuación de “Ana Belén” o día 12 de xullo de 2025 no Auditorio de Castrelos, por cesión de D. Iñigo Argomaniz Bengoechea, e D. Tito Ramoneda Violán, en calidade de apoderados das empresas PROMOCIONES MUSICALES GET IN S.L e THE PROJECT MUSIC COMPANY S.L, que contan cos dereitos da xira da artista en 2025. Consta acreditado o poder de representación dos mesmos en escrituras públicas de datas 26 de xaneiro de 2024 e 1 de outubro de 2024 respectivamente. A súa vez, consta acreditado que D. Victor Manuel San José, en nome e representación de ION MÚSICA SL, empresa representante do artista cedeu os mesmos as citadas mercantís.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións

competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que YMAX PRODUCCIONES SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “ANA BELEN” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 195.415,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 161.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

(Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

15(386).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ARTISTA “GENTE DE ZONA” DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025. EXPTE. 10426/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 26/05/2025 e o informe de fiscalización do 29/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 22/05/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro da Área de Goberno (Resolución de Alcaldía de 07/05/2025), que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 16 de abril de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “GENTE DE ZONA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 16 de abril de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2025".
- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025”, no marco do expediente 10333-335.
- Con data 16 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista GENTE DE ZONA.
- Memoria económica de data 21 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 23 de abril de 2025 (operación nº 12025000041975-RC).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 5 de maio de 2025.
- Memoria xustificativa, de data 24 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 21 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
 - Consta acreditada no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 21 de maio de 2025, a representación do grupo GENTE DE ZONA por Magnus Talent Agency LLC, en escrito de data 7 de abril de 2025 asinado por D. Michel Vega, en nome e representación de Magnus Talent Agency LLC, e por D. Guillermo Morejón, actuando en nome e representación de GDZ LIVE LLC. Constan acreditados así mesmo os poderes de representación de D. Guillermo Morejón e de Michel Vega en sendos escritos de 14 e 18 de marzo de 2025. Magnus Talent Agency LLC cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto no Auditorio de Castrelos de Vigo o día 17 de xullo de 2025 a Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U. Consta tamén acreditado o poder de representación de D^a Ana María Sanromán Rodríguez para actuar en nome e representación de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, en escritura pública de 24 de maio de 2021, outorgada ante o notario D. Fernando Olmedo Castañeda.
 - Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de

cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “GENTE DE ZONA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 169.400,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 140.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

16.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ARTISTA “TRUENO” DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025. EXPTE. 10430/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 26/05/2025 e o informe de fiscalización do 29/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 22/05/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro da Área de Goberno (Resolución de Alcaldía de 07/05/2025), que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 25 de abril de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “TRUENO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 25 de abril de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2025”.
- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025”, no marco do expediente 10333-335.
- Con data 16 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a do artista TRUENO.
- Memoria económica de data 28 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 30 de abril de 2025 (operación nº 12025000049864-RC).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 5 de maio de 2025.
- Memoria xustificativa, de data 30 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 21 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditada no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 21 de maio de 2025, a representación de “TRUENO” por Magnus Talent Agency LLC, en escrito de data 25 de abril de 2025 asinado por D. Michel Vega, en nome e representación de Magnus Talent Agency LLC, e por D. Mateo Palacios Corazzina (Trueno). O poder de representación de representación de Michel Vega está acreditado en escrito de 14 de marzo de 2025. Magnus Talent Agency LLC cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto no Auditorio de Castrelos de Vigo o día 18 de xullo de 2025 a Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U., en escrito de 10 de abril de 2025. Consta tamén acreditado o poder de representación de D^a Ana María Sanromán Rodríguez para actuar en nome e representación de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, en escritura pública de 24 de maio de 2021, outorgada ante o notario D. Fernando Olmedo Castañeda.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “TRUENO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 289.190,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 239.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

17(388).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ARTISTA “ROZALÉN” DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025. EXPTE. 10427/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 26/05/2025 e o informe de fiscalización do 29/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 22/05/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro da Área de Goberno (Resolución de Alcaldía de 07/05/2025), que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 22 de abril de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “ROZALEN” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP),

coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 22 de abril de 2025.

- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2025".
- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025”, no marco do expediente 10333-335.
- Con data 16 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista ROZALEN.
- Memoria económica de data 23 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 24 de abril de 2025 (operación nº 12025000042210-RC).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 5 de maio de 2025.
- Memoria xustificativa, de data 24 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

- Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 21 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditado, segundo informe do Servizo de Contratación de data 21 de maio de 2025, que D^a María de los Ángeles Rozalén Ortuño (ROZALÉN) e D. Ismael Guijarro Hidalgo, apoderados mancomunados da mercantil CONDERECHOA, S.L., ceden en nome de esta a representación da artista ROZALÉN a RML, S.A. D^a Rosa Lagarrigue Echenique, en nome e representación desta mercantil cede en exclusiva a GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, S.L., os dereitos para a actuación da citada artista no Auditorio de Castrelos o día 24 de xullo de 2025. Así mesmo constan acreditados os poderes de representación dos apoderados das mercantís intervinientes.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación

de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “ROZALEN” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 153.670,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 127.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

18(389).- PRÓRROGA DO CONTRATO MIXTO DO MANTEMENTO E ASISTENCIA TÉCNICA DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA DAR SOPORTE Á XESTIÓN DA POBOACIÓN E DO TERRITORIO DO SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 62399/234.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 16/05/2025 e o informe de fiscalización do 21/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de 28/04/2025, asinado pola xefa de Estatística, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira-delegada de Atención a Cidadanía, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato de adquisición, mantemento e asistencia técnica das aplicacións informáticas para dar soporte á xestión da poboación e do territorio do servizo de Estatística (expte. 46941-234), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de abril de 2023, á empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. por un prezo de 32.173,49 euros IVE incluído.

O contrato formalizouse en data 05/06/2023, entrou en vigor o 06/06/2023 e remata o 05/06/2024.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 24/05/2024 aprobouse a primeira prórroga (expte. Nº 55711/234)

Consta no expediente resolución da Concelleira-delegada de Atención á Cidadanía e da Concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 28 de abril, dispoñendo se proceda a instruír a segunda prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se

produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:

- Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses”*.
- No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: Si. Tres (3) prórrogas de un (1) ano cada unha”*.
- O contratista, manifestou por escrito o día 23/04/2025 o seu interese en proceder coa prórroga, mediante o documento co nº de rexistro 250093700.
- Prorrógase segundo os conceptos e importes do exercicio 2024.
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que *“O importe a aboar ao contratista polo subministro realizarase dentro do primeiro trimestre do exercicio. O importe a aboar pola asistencia técnica facturarse, previa realización das tarefas consignadas e previa presentación da acreditación da realización das mesmas”*.

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 32.173,49 €, dos cales 5.583,83 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2025	Mantemento software	9207.2279902	17.173,49 €
2025	Mantemento aplicativos Estatística	9231.2279901	7.500,00 €
2026	Mantemento aplicativos Estatística	9231.2279901	7.500,00 €

5. A empresa *T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento e asistencia técnica das aplicacións informáticas para dar soporte á xestión da poboación e do territorio do servizo de Estatística.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. O expediente de prórroga do contrato iníciase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira-delegada de Atención á Cidadanía e da Concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 28 de abril de 2025, autorizando o inicio de este expediente da segunda prórroga do contrato.
7. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
8. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira-delegada da Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO E ASISTENCIA TÉCNICA DAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA DAR SOPORTE Á XESTIÓN DA POBOACIÓN E DO TERRITORIO DO SERVIZO DE ESTATÍSTICA (46941/234) polo período dun ano, do 6 de xuño de 2025 ao 5 de xuño de 2026, polo importe total de 32.173,49 € IVE engadido.
- 2.- Autorizar o gasto de **24.673,49 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Partida	Exercicio	IVE	Base	Importe total
---------	-----------	-----	------	---------------

9207.2279902 Mantemento software	2025	2.980,52	14.192,97	17.173,49 €
9231.2279901 Mantemento aplicativos Estatística	2025	1.301,65	6.198,35	7.500,00 €
Total exercicio 2025				24.673,49 €

3.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **7.500,00 euros** (IVE incluído), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9231.2279901 Mantemento aplicativos Estatística	2026	1.301,65	6.198,35	7.500,00 €
Total exercicio 2026				7.500,00 €

4.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

19(390).- EXPEDIENTE DE OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓNS DE EXPLOTACIÓN A TERCEIROS DOS QUIOSCOS NAS PRAIAS DO MUNICIPIO DE VIGO PARA A TEMPADA ESTIVAL 2025-2028. EXPTE. 18398/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 28/05/2025, o informe de fiscalización do 29/05/2025 sométese a aprobación o informe-proposta do 27/05/2025, asinado polo xefe do



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

Servizo de Medio Ambiente, a concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Normativa aplicable:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (RLPAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALG)
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBCL).
- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas (LC).
- Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas (RXC).
- Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.
- O Decreto 38/2019, do 14 de marzo, de catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (LCSP).
- Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Concordante normativa de aplicación

II.- Antecedentes:

II.1.- A terceira tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 3 de xaneiro de 2025, iniciou procedemento administrativo para a aprobación do plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada nas praias de Vigo, quioscos expendedores de comidas e bebidas ó servizo das praias, para os anos 2025 a 2028, e para o outorgamento das autorizacións de explotación a terceiros a través do procedemento legalmente previsto (respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva), toda vez que no ano 2024 rematou o prazo das autorizacións outorgadas con anterioridade.

II.2.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 17 de xaneiro de 2025, acordou aproba-lo Plan de Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo para os anos 2025 a 2028, cos seguintes quioscos:

DESCRIPCIÓN	EMPRAZAMENTO	CATÁLOGO TRAMO PRAIA	REF. COORDENADAS UTM ETRS89	CATASTRAL	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	OCUPACIÓN PECHADA EN M2	OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2
S= con lucro			D. 38/2019				
QUIOSCO 1/ EECOEBE 1 S	Areal da Punta. A Guía	urbana	4988901NG2748N X-524874,61 Y-4678661,41		Dominio público marítimo terrestre (DPMT). Zona de servidume de tránsito do DPMT en dominio público municipal.	20 m2	50 m2
QUIOSCO 2/ EECOEBE 2 S	Areal de Santa Baia, Alcabre	urbana	9847431NG1794N X-519369,01 Y-4674573,98		Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 3/ EECOEBE 3 S	Areal do Tombo do Gato	urbana	8745301NG1785N X-518556,99 Y-4674302,09		Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 4/ EECOEBE 4 S	Areal do Tombo do Gato	urbana	8745301NG1785N X-518485,05 Y-4674183,52		Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2
QUIOSCO 5/ EECOEBE 5 S	Areal de Argazada	urbana	8640801NG1783N X-518547,56 Y-4673752,56		Dominio público municipal. Fóra da zona de servidume de protección do DPMT.	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 6/ EECOEBE 6 S	Areal de Samil	urbana	Sen Ref. Catastral X-518441,04 Y-4672997,40		Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 7/ EECOEBE 7 S	Areal de Samil	urbana	8632801NG1783N X-518441,75 Y-4672872,03		Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 8 EECOEBE 8 S	Areal de Samil	urbana	Sen Ref. Catastral X-518368,49 Y-46727703,06		Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 9 EECOEBE 9 S	Areal do Vao	natural	7319701NG1771N X-517331,18 Y-4671755,89		Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 10 EECOEBE 10 S	Areal do Vao	natural	7319701NG1771N X-516985,41 Y-4671607,76		Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro	50 m2
QUIOSCO 11 EECOEBE 11 S	Areal da Etea	natural	5464209NG2758N X-525261,50 Y-4678420,36		Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos da documentación técnica.

As autorizacións para a execución deste plan de ocupación do dominio público con instalación de tempada e desmontables, será para os anos 2025 a 2028, nos seguintes períodos anuais:

Ano 2025: período 1 de xuño a 31 de outubro.

Ano 2026: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

Ano 2027: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2028: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

e solicitar as autorizacións sectoriais do Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico para os quioscos nºs. 1, 4, 9, 10 e 11 e da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia (agora competencia da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático por modificación da distribución de competencias autonómicas en materia e costas) para os quioscos nºs. 2, 3, 6, 7 e 8.

Tamén, acordou que unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto autonómico 97/2019, de 18 de xullo, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.

Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) procederá a súa incorporación ó expediente, á aprobación dos pregos e á apertura do procedemento de licitación e outorgamento das autorizacións

II.3.- O xefe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en data 17/02/2025 (doc. 250036757, do 18/02/2025) outorgou a autorización sectorial na zona dominio público marítimo terrestre (servidume de transito lote 1) para ocupación instalación dos servizos de tempada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, núms. 1, 4, 9, 10 e 11, para o ano 2025 e prorrogable por outros tres anos.

II.4.- A Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia en data 12/05/2025, outorgou as autorizacións sectoriais da Comunicade Autónoma na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre para a instalación dos servizos de tempada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, números 2, 3, 6, 7, 8 (docs. 250111194, 250111156, 250111193, 250111210, 250111200, data de entrada 13/05/2025).

II.5. O quiosco de tempada n. 5 no areal de Argazada, emprázase en terreo municipal, fóra das zonas de DPMT e de servidume de protección do DPMT, polo que non se esixe autorizacións sectoriais.

II.6.- O 27/05/2025, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da concelleira de Medio Ambiente e da concelleira da Área de Goberno, emite memoria xustificativa definitiva para a licitación das autorizacións.

II.7.- O 27/05/2025, a xefa do Servizo de Contratación emite o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares.

III.- Fundamentos de dereito.

III.1.- As autorizacións obxecto da licitación é para a ocupación privativa do dominio público con once quioscos de tempada, expendedores de comidas e bebidas, nas praias con instalacións desmontables e por período de catro anos.

As dos quioscos 4, 9, 10 e 11 corresponden á ocupación de dominio público marítimo terrestre previsto na Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, e no regulamento que a desenvolve aprobado por Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, cuxa ocupación e explotación pode realizar o Concello a través de terceiros e trala aprobación do correspondente plan de ocupación e explotación dos servizos de temporada polo Servizo Provincial de Costas, debendo respectar os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrència competitiva (artigos 26, 53 da Lei 22/1998, de 28 de xullo, e 110, 113 do Rd 876/2014, de 10 de outubro).

As dos quioscos 1, 2, 3, 5, 6, 7 e 8 corresponde á ocupación de dominio público municipal, o primeiro (1) na zona de servidume de tránsito da Lei de Costas (suxeito a autorización sectorial do Servizo Provincial de Costas), os números 2, 3, 6, 7 e 8 na zona de servidume de protección da dita Lei (suxeitos á autorización sectorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), o número 5 sitúase fóra da zona de servidume, cuxo outorgamento debe acomodarse ó previsto na lexislación de réxime local sobre bens e na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), a través dun procedemento de pública concorrència o estar o seu número limitado (artigo 26 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, e 86.2., 92 e 96 da LPAP).

III.2.- Consta no expediente as correspondentes autorizacións sectoriais esixibles para a licitación das autorizacións conforme á normativa de costas antes citada.

III.3.- O prego de cláusulas administrativas particulares reflicte un total de 11 lotes que coincide co número de quioscos que se instalarán e que se axustan as determinacións do Plan de ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada en praias, quioscos expendedores de comidas e bebidas, aprobado pola XGL do 17/01/2025 e ás autorizacións sectoriais citadas.

Os criterios de adxudicación son todos obxectivos:

Para todos os lotes. O incremento do canon valorases con ata 100.

Para valorar este criterio a oferta que inclúa un maior incremento do canon mínimo establecido no prego outorgaráselle a máxima puntuación, e as restantes valóranse proporcionalmente a aquela.

As ofertas inferiores ó canon mínimo establecido no prego quedarán excluídas.

Os eventuais empates resolveranse a favor do licitador que resultase clasificado en primeiro lugar en menor número de lotes. Se persistise o empate, resolverase por sorteo.

No Lote 1, quiosco do areal da Punta (A Guía), dado o custe do modelo de quiosco e a súa rendabilidade, para o caso de que non haxa ningunha oferta que oferte o modelo de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

quiosco Tipo 2 ou 4, permitirase a instalación doutro quiosco desmontable que no supera a superficie máxima, debendo achegar dimensións e características técnicos do quioscos antes da súa instalación e deberán contar con informe favorable dos técnicos municipais.

O prazo das autorizacións será para as temporadas dos anos 2025 a 2028, nos seguintes períodos anuais:

Ano 2025: período 1 de xullo a 31 de outubro.

Ano 2026: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2027: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2028: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

O canon mínimo a aboar ó concello por cada un dos lotes determinouse en función dos seguintes criterios:

Para determinar o canon anual mínimo a aboar ó concello por cada un dos lotes séguense os seguintes criterios:

a) Quioscos situados en DPMT estatal:

O maior que resulte de aplicar o canon establecido polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica (referencia ano 2024) e o Reto Demográfico, incrementado no importe das taxas municipais segundo a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial de terreos de dominio público con instalacións de quioscos (superficie cerrada) e a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local (superficie de terraza ou aberta) ou o canon da última adxudicación das autorizacións, ano 2021, que superaron os 5.000,00 euros, coa redución do 50 por cento.

b) Quioscos situados en terreos de titularidade municipal:

O maior que resulte de aplicar o importe da suma das taxas municipais segundo a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial de terreos de dominio público con instalacións de quioscos (superficie cerrada) ou o canon da última adxudicación das autorizacións, ano 2021, que superaron os 10.000 euros, coa redución do 50 por cento.

Os citados criterios xustifícanse en que o canon debe ser acorde co valor que tería no mercado a utilización derivada do aproveitamento se os bens non fosen de dominio público polo que, cando menos, debe ser igual ou superior ás taxas que resultarían de aplicación das Ordenanzas fiscais municipais ao abeiro do establecido no artigo 24 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL, tendo, ademais, en consideración o importe do canon adxudicado nos últimos anos, as zonas de maior afluencia de usuarios, a nova implantación de modelos de quioscos e o prazo das autorizacións.

III.4.- Resulta necesaria a tramitación urxente do procedemento de licitación xa que no período estival, as praias teñen unha gran afluencia, resultando necesario que estean en funcionamento os servizos hixiénico-sanitarios de uso público que levan asociados ditos quioscos ou que colaboran na limpeza dos de titularidade pública. A necesidade de

autorización sectorial do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para os quioscos que se instalan no Dominio Público Marítimo Terrestre ou en zona de servidume de tránsito e da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para os quioscos que sitúan en zona de servidume do referido Dominio Público Marítimo Terrestre e que establecen condicións que deben cumprir os adxudicatarios para as ocupacións e instalacións respectivamente, foron solicitadas en xaneiro de 2025, é a do Servizo Provincial de Costa foi a emitida en data do 17/02/2025 e as da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático o 12/05/2025 o que imposibilitou a aprobación do procedemento para a adxudicación das autorizados destes quioscos con anterioridade.

A maior abundamento cómpre sinalar que, con carácter xeral, a LCSP establece nos artigos 156.6. e 159.3. un prazo mínimo de 15 días naturais para presentación de proposicións nos contratos de servizos, subministro. Non obstante, no caso que nos ocupa, considérase de aplicación o artigo 96 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de PAP, aínda que non ten carácter básico, por ser norma máis específica na materia, que establece un prazo de 30 días o que demoraría aínda máis a adxudicación. Por outra banda, a documentación que deben presentar os licitadores nas súas proposicións é sinxela polo que non se observa ningún prexuízo a estes coa redución dos prazos á metade pola declaración de urxencia.

A tramitación de urxencia, proporase ó Órgano de Contratación no momento procedimental oportuno conforme á LCSP.

III.5.- A competencia para a resolución do presente procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 e 11 da Disposición adicional segunda da LCSP), tralo informe favorable da Asesoría Xurídica e Intervención Xeral municipal (Disposición adicional terceira da LCSP).

En mérito ó que antecede trala emisión favorable dos referidos informes, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

“1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 18398/306 para adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada: quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do concello de Vigo para os anos 2025 a 2028.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas, cos seus anexos, para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de temporada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do Concello de Vigo para os anos 2025 a 2028, asinado dixitalmente pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de maio de 2025.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación”.

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte.1906/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(391).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez